PARLAMENTO DE GALICIA

[JCCP/MSGN]

Acta da sesión da Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, do día 28 de outubro de 2024

(Orzamentos 2025-C. Emprego, Comercio e Emigración.)

Na sala de comisións "Concepción Arenal"do pazo Parlamento de Galicia reúnese a Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, o día 28 de outubro de 2024, ás 16:00 horas, logo da convocatoria remitida para o efecto.

Asisten as persoas que se relacionan a seguir:

Mesa:
Noa Olalla Presas Bergantiños
(Presidenta)
Patricia García González
(Vicepresidenta en funcións)
Ángel Rodríguez Conde
(en substitución de Manuel Santos Costa)
(Secretario en funcións)

Vogais:
Grupo Parlamentario Popular de Galicia (P):
Victor Manuel Baladrón Lamas
(en substitución de Juan Manuel Casares Gándara)
Miguel Fidalgo Iglesias
María Dolores Hermelo Piñeiro
(en substitución de Gonzalo Trenor López)
Argimiro Marnotes Fernández
(en substitución de Julio García Comesaña)
Noelia Pérez López
María Felisa Rodríguez Carrera
(en substitución de José Alberto Pazos Couñago)
Cristina Sanz Arias

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego (BNG):
Daniel Castro García
(en substitución de Brais Ruanova Vilas-Boas)
Ramón Tomás Fernández Alfonzo
María Cristina Fernández Davila
(en substitución de Óscar Insua Lema)
Carmela González Iglesias
(en substitución de Rosana Pérez Fernández)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia (S):
Patricia Iglesias Rey
María del Carmen Rodríguez Dacosta
(en substitución de María Elena Espinosa Mangana)
Grupo Parlamentario Mixto (M):
Armando Ojea Bouzo
Comparecente:
Conselleiro de Emprego, Comercio e Emigración
Letrado:
Juan Carlos Caride Puente

PARLAMENTO DE GALICIA

A presidenta reinicia a sesión e rógalle ao señor Rodríguez Conde, Ángel, secretaria en funcións, que lle dea lectura á relación de membros titulares da Comisión para os efectos de comprobar as substitucións. Logo da constatación destas, éntrase no desenvolvemento da orde do día obxecto desta sesión.

Punto único.- Comparecencia do conselleiro de Emprego, Comercio e Emigración e responsables das entidades instrumentais dependentes da Consellería

Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025

13638 (12/PL-000004)

Publicación e asignación á Comisión, BOPG n.º 104f1, do 19.10.2024

A presidenta, logo de darlle a benvida ao conselleiro de Emprego, Comercio e Emigración, e ao equipo da Consellería que a acompaña, explica o desenvolvemento da sesión, que consistirá nunha primeira intervención do comparecente, por un tempo de entre 20 e 30 minutos; seguirá a dos representantes dos grupos parlamentarios por un tempo de 10 minutos cada un, e para contestarlles, o señor conselleiro contará cun tempo de 10 minutos. Finalmente, os grupos parlamentarios disporán dunha rolda de 5 minutos cada un e o conselleiro doutros 5 minutos para contestarlles e rematar á súa comparecencia.

A continuación, a presidenta concédelle a palabra ao **conselleiro de Emprego, Comercio e Emigración, José González Vázquez**, quen procede a informar sobre os orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025 correspondentes á súa consellería e aos organismos dela dependentes.

Deseguido, ábrese a rolda de grupos parlamentarios, na que fan uso da palabra: o **señor Ojea Bouzo, Armando (M),** a **señora Rodríguez Dacosta, María del Carmen (S),** o **señor Fernández Alfonzo, Ramón Tomás (BNG),** e a **señora Pérez López, Noelia (P),** que formulan diferentes preguntas e consideracións sobre a información recibida.

Ao remate das anteriores intervencións, a presidenta concédelle de novo a palabra ao **conselleiro de Emprego, Comercio e Emigración, José González Vázquez**, quen contesta ás consideracións formuladas polos anteriores voceiros e voceira.

A continuación ábrese unha segunda rolda para precisións por parte dos diferentes grupos parlamentarios, na que interveñen o **señor Ojea Bouzo, Armando (M),** a **señora Rodríguez Dacosta, María del Carmen (S),** o **señor Fernández Alfonzo, Ramón Tomás (BNG),** e a **señora Pérez López, Noelia (P).**

PARLAMENTO DE GALICIA

Solicita intervir por alusións o **señor Ojea Bouzo, Armando (M),** en base ao disposto no artigo 76 do Regulamento da Cámara, ao que a presidenta non accede a concederlle a palabra por considerar que as alusións se produciron no decurso do debate.

Finalmente o **conselleiro de Emprego, Comercio e Emigración, José González Vázquez,** contesta ás cuestións expostas polos portavoces, e coa súa intervención péchase a comparecencia.

A presidenta reitéralle o seu agradecemento ao conselleiro e aos membros do equipo da Consellería que o acompañan e faino extensivo aos grupos parlamentarios e aos servizos da Cámara. Lémbralles ás súas señorías que a Comisión volverase reunir mañá ás 10.00 horas, coa comparecencia do conselleiro do Mar.

Suspéndese a sesión ás 18:00 horas.

(Achégaselle a esta acta como anexo a transcrición literal da sesión.)

Noa Presas Bergantiños

Firmado digitalmente por Noa Presas Bergantiños
Fecha: 2024.11.04 09:41:11 +01'00'

V. º B.º
Noa Presas Bergantiños
Presidenta da Comisión

Ángel Rodriguez Conde

Firmado digitalmente por Ángel Rodriguez Conde
Nombre de reconocimiento (DN): cn=Ángel Rodriguez Conde, email=angel.rodriguez.conde@parlamentodegalicia.es
Fecha: 2024.11.04 09:18:04 +01'00'

Ángel Rodríguez Conde
Secretario en funcións da Comisión

PARLAMENTO DE GALICIA

ANEXO ACTA DA REUNIÓN DA COMISIÓN 3ª. ECONOMÍA, FACENDA E ORZAMENTOS, DO DÍA 28 DE OUTUB RO DE 2024

-Orzamentos 2025-

(Comparecencia do conselleiro de Emprego, Comercio e Emigración)

(Reiníciase a sesión ás 16.00 horas).

A **presidenta (Presas Bergantiños):** Reiniciamos a sesión. Boa tarde a todos e a todas.

Acompañando xa ao conselleiro de Emprego, Comercio e Emigración, o señor González Vázquez, a quen lle damos a benvida de novo nesta comisión, que ademais foi xa no seu día a súa casa e dámoslle a benvida ao seu equipo tamén.

E sen máis, prégolle por favor ao señor secretario que lea a lista de membros da comisión, a efectos de substitucións.

O **secretario en funcións (Rodríguez Conde):** Boa tarde.

(O secretario procede a dar lectura da relación de asistentes.)

A **presidenta (Presas Bergantiños):** Que conste en acta que a señora presidenta pregábase aos desexos da Xunta.

Recórdolles as súas señorías como é o procedemento. En primeiro lugar, haberá unha quenda inicial do señor González por un tempo de entre 20 e 30 minutos. A continuación os grupos parlamentarios teñen unha primeira quenda de 10 minutos cada un deles; posteriormente o señor González, por un tempo de 10 minutos daralle resposta. Os grupos terán unha quenda novamente de 5 minutos e finalmente o Goberno galego pechará a comparecencias.

Sen máis, señor conselleiro de Emprego, Comercio e Emigración, señor González reiterándolle o agradecemento por estar esta tarde connosco, ten vostede a palabra.

O **conselleiro de Emprego, Comercio e Emigración (González Vázquez):** Moitas grazas, señora presidenta.

Deputados e deputadas. Moi boa tarde a todos e a todas.

Antes de comezar a debullar os orzamentos para o ano 2025 da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, simplemente trasladarlle que nesta primeira quenda eu me vou centrar na parte de emprego, o digo por se botaban de menos comercio e emigración, irá na segunda quenda e pedirlle tamén na medida do posible que as aportacións sexan o máis positivas posible de cara a, recordando que estamos nunha tramitación parlamentaria de cara a poder recoller en vez en emendas, en definitiva, mellorar estes orzamentos para que fagan un mellor traballo posible de cara aos cidadáns.

Se aludimos ou atendemos ao recoñecido economista Adam Smith que di que o único orzamento bo é o orzamento equilibrado que é o que nos orzamentos desta

consellería como de calquera fogar non debería saír máis do que entra nin se debera saír máis do que xa se conserva. E esta é unha lección señorías, que dende a Xunta de Galicia temos aprendido dende hai máis de 15 anos e seguimos aplicando na actualidade, facendo os nosos orzamentos uns orzamentos equilibrados, prudentes e moderados para facer das nosas políticas unas políticas realistas, activas e verdadeiramente efectivas.

Lembro, —estou seguro que vostedes lembran tamén— que na miña primeira comparecencia como conselleiro de Emprego, Comercio e Emigración, no pasado mes de maio falaba do cambio como única constante da vida. Eu sigo con esa mesma idea, pero tamén continúo manténdome firme no meu compromiso agora neste departamento e tamén na miña disposición para deixarme a pel e traballar por Galicia, e isto é un principio reitor para min hoxe e sempre, nin cambiou nin cambiará.

Isto non podía ser menos coa configuración dos orzamentos da nosa consellería no ano 2025. Digo nosa porque é un esforzo colectivo de todo o equipo que me está acompañando hoxe aquí. E, ademais, creo que é bo tamén poñer enriba da mesa nestes 5 meses de intenso traballo os feitos que xa levamos recollido.

En primeiro lugar, escoitar é un proceso moi importante, sobre todo creo que nos ámbitos de competencia desta consellería tivemos máis de 30 reunións con asociacións ou sindicatos, confederacións padroados, todos os sectores estratéxicos foron escoitados e seguen sendo escoitados a través dos diferentes procesos de diálogo que temos abertos.

Inauguramos no ámbito do emprendemento, como saben, o Polo de emprendemento e o apoio do emprego en Sarria. Estamos a piques de abrir un máis en Vilanova de Arousa, chegando xa —fóiseme o de Ourense— chegando xa os 15 centros activos en toda Galicia, pero tamén puxemos en marcha o Centro de Orientación Emprendemento, que pretende ser o coordinador de todos estes centros de apoio emprendemento, pero tamén das oficinas de emprego de Galicia, as 54 que temos.

E no marco da modernización do servizo público de emprego, creo que tamén é relevante, estamos desarrollando de xeito moi intenso a ferramenta de emprego intelixente EMI, co fin de potenciar a empregabilidade dos demandantes reais de emprego na nosa comunidade.

Tamén cumprimos dentro do programa electoral levabamos dúas medidas dende a consellería nos 100 primeiros días, unha delas é a orde para impulsar a contratación de mulleres en ocupacións masculinizadas e outra o compromiso de contratación de menores de 30 anos, e fixémolo a través do programa da primeira experiencia profesional.

Si, nos referimos ao ámbito do comercio, puxemos en marcha —e teño que dicir que estou sumamente satisfeito das aportacións que están realizando— un proceso de escoita e de participación tamén de todo o sector para ter no primeiro trimestre do ano

2025, a Estratexia do Comercio de Galicia, 2025-2030. Logo falarei polo miúdo desta Estratexia tamén.

E no ámbito da emigración, tivemos ocasión de cruzar o charco, estivemos na Arxentina e Uruguai, son dous dos países máis relevantes para a emigración galega, e vimos este mesmo fin de semana de estar en dúas cidades tamén, no país máis importante para a emigración en Europa que é Suiza —o digo por número de emigrantes, todos son importantes pero por número de emigrantes,— e aí estivemos en Basilea precisamente celebrando o 40 aniversario do Centro recreativo Cultural Ourense.

Todo isto o que lle digo e que levamos feito, evidentemente é pola enerxía que lle pon todo el equipo e que ten uns obxectivos tamén claros, no ámbito do emprego pois que Galicia conte cun emprego de calidade e cun mercado laboral dinámico e inclusivo, cun crecemento económico e intelixente.

No ámbito do comercio, a todo risco, temos que asegurar a competitividade e viabilidade do noso tecido comercial, unha cuestión non menor, pero que creo que vamos a intentar neste 2025 reverter algunhas das situacións coas que e cremos que é necesario atacar.

E tamén queremos redobrar, como non pode ser doutro xeito, aposta polo retorno dos galegos no exterior, ben como emprendedores, ben como traballadores por conta allea, con todas as facilidades para que se poidan establecer nesta, que é a nosa, pero tamén á súa terra.

Con estes obxectivos, señorías, puxémonos a traballar non só cuns feitos que lle relatei, senón tamén cunha estratexia, cunha folla de ruta para ser capaces de entroncar emprego, comercio é emigración. E isto nos leva tamén á necesidade de modificar algunha lexislación. Quero adiantar que estamos traballando en primeiro lugar nun decreto que regule —imos ser a única comunidade autónoma que o faga— as micro credenciais —logo falarei delas— e tamén estamos co proceso de elaboración da nova Lei de cooperativas de Galicia.

É certo que estamos nunha comparecencia de orzamentos e, polo tanto, temos que falar mal que nos pese a todos de números tamén é inevitable. Pero vanme permitir que, mentres debulla os orzamentos da consellería, que expoña tamén a estratexia coa que pretendemos pretendemos implementar as medidas e os números que van nos orzamentos.

Saben, por que está publicado, que a consellería conta cun orzamento para o ano 2025 de máis de 497 millóns de euros. Creo que son uns números importantes e que poñen de manifesto tamén a importancia que lle damos aos diferentes ámbitos do noso departamento.

E, como lle dixen antes, vou empezar polo bloque de Emprego. Miren, como declaración de principios o emprego créano claramente os empresarios, pero é certo que

as comunidades autónomas, que temos as competencias nas políticas activas de emprego, podemos impulsar e acompañar e dende logo, tratar de coordinar na medida do posible toda esa creación de emprego. Hai que poñer as cifras enriba da mesa para ver como está o mercado laboral galego, digo dende o máximo respecto a quenes crean emprego, creo que temos unhas cifras das que podemos estar razoablemente satisfeitos.

Con datos do mes de setembro: Galicia acadou a cifra de paro máis baixa nun mes de setembro de toda a serie histórica, 120.992 parados. Ademais, temos un descenso interanual superior aos 7 puntos, temos un descenso máis rápido e máis intenso que no resto do Estado. O desemprego baixa na evolución anual nas catro provincias, nas sete grandes cidades e nos catro sectores económicos. Os sectores máis interesantes, aqueles colectivos dixeramos de máis dificultades, como son os desempregados menores de 30 anos ou mulleres desempregadas, as cifras de desempregados son as máis baixas no mes de setembro dende que hai rexistros e tamén reducimos os parados de longa duración, nos últimos 16 años temos a cifra máis baixa nun mes de setembro. Tamén incrementamos a contratación mensual dun xeito importante

Atendendo a estes datos, creemos e podemos afirmar que o mercado laboral galego continúa avanzando e ten que seguir avanzando da man tamén do diálogo social. Aproveito aquí para avanzarlle que imos institucionalizar o diálogo social, co que asinamos o vindeiro ano, preto dun millón de euros e ademais 2,2 millóns de euros en axudas a organizacións sindicais empresariais.

Somos conscientes tamén de que este mercado laboral, que entendemos que evoluciona de xeito favorable, tamén ten problemáticas e retos importantes, e aí imos dedicar boa parte dos nosos esforzos e tamén dos orzamentos das cantidades que van nos orzamentos da consellería.

Se me permiten, un dos maiores retos é a cobertura de vacantes, de postos de traballo cualificados, que temos que atallar tratando de utilizar diferentes mecanismos. Necesariamente temos que cubrir as necesidades das empresas —valga a redundancia— coas capacidades das persoas que están a buscar activamente traballo en Galicia, e ademais atraer talento para seguir sumando capacidades ao noso tecido produtivo, sempre de xeito ordenado.

A estes efectos estamos enfocados en primeiro lugar nunha optimización das listas de persoas desocupadas en busca de emprego, é dicir, é necesario coñecer o perfil destas persoas para, no caso de que encaixen nas necesidades que precisan cubrir as empresas, motivar a súa contratación ou, no seu defecto, mellorar, como non pode ser doutro xeito, a súa empregabilidade. Pero tamén entran neste esquema as persoas galegas emigrantes, ou as persoas migrantes as que xa están aquí en situación irregular ou aos que poidan vir de xeito ordenado e da man das nosas empresas, pero para elas tamén, dicía, temos un plan ideado.

Imos falar dese plan simulando unha estratexia de círculos concéntricos ou complementarios que teñen no seu centro o crecemento sostible da nosa terra. Se atendemos a eses círculos concéntricos y os imaxinamos no círculo interior se queren, estarían os demandantes activos de emprego, é dicir, aquela xente que está agora nestes momentos no noso territorio sendo demandante activo de emprego. A nosa aposta a futuro para este colectivo pasa claramente por potenciar a súa empregabilidade. E neste ámbito son algunhas destas medidas que creo que é importante hoxe trasladar ao Parlamento amen de, como non pode ser doutro xeito, tamén das partidas orzamentarias.

En primeiro lugar, e para conseguir facilitar o macheo ou que podamos, como como digo, acercar a oferta e a demanda laboral imos continuar coa modernización e dixitalización do Servizo público de emprego. No vindeiro ano, dirixiremos preto de 1,6 millóns de euros á modernización do servizo. Pero ademais, e creo que é importante resaltalo, xa temos implantado nas 54 oficinas de emprego de Galicia a ferramenta de intelixencia artificial EMI, que ten por obxectivo fundamentalmente mellorar o perfilado competencial dos nosos traballadores. Temos un compromiso de facer ese perfilado competencial de ata 70.000 persoas ata o mes de setembro do ano 2025 e imos continuar mellorando a EMI cun millón de euros de orzamento.

Eu aproveito para dicirlle que trátase dunha ferramenta pioneira en toda Europa que xa tivemos ocasión de presentar no ministerio e as diferentes comunidades autónomas e pola que nos teñen concedido isto —adiántollo tamén— unha mención especial no Premios Tech Gov (non se entende) do sector público, na categoría Goberno a cidadán. Iremos a recollela a Bruxelas o vindeiro 28 de novembro.

Pero tamén dentro desta aposta imos seguir incidindo na optimización das listas de demandantes de emprego. É preciso asegurarse, tanto por eficacia como tamén por ética, de que nas listas do paro estean as persoas que queren traballar, os que sexan demandantes activos de emprego. E aquí quero resaltar os bos resultados do Programa de Fomento Intensivo da demanda de emprego, que nos permite afinar esas listas do paro para que nelas estean ás persoas que realmente demandan emprego de xeito activo.

Este programa, señorías, facilitou que deixen de ser demandantes de emprego porque non estaban, como digo, no acreditaban que eran demandantes activos de emprego 9.200 persoas en apenas 15 meses. No se trata aquí de botar a ninguén, senón que se trata de que nós fixemos e poñamos enriba da mesa todas as nosas medidas para aqueles demandantes activos de emprego, como lles digo.

Pero tamén temos que mellorar a súa empregabilidade coa formación e nos orzamentos do ano 2025, imos dispoñer de 72 millóns de euros para diferentes partidas de formación e, por citar tanto para persoas ocupadas como desempregadas, en concepto de inserción profesional, micro formacións e formacións específicas 72 millóns de euros creo que é unha partida importante máis que entrar a discutir se é máis ou menos creo que habería que ver o detalle de cada una de esas partidas para poder entre todos, se é posible, mellorar a utilización dun montante, como digo, de cartos moi, moi importante.

Apostamos claramente pola flexibilización da formación e por acercar a formación o máximo posible as empresas que xeran emprego. E dentro de esa flexibilización da formación, ademais da regulación, como lle dixen, das micro formacións, van facer unha aposta importante esas micro formacións para favorecer a empregabilidade das persoas, para o cal destinaremos no ámbito específico deste tipo de formación 4,8 millóns de euros.

Tamén me gustaría facer mención cara ao vindeiro 2025 de accións formativas á demanda do tecido produtivo galego dirixidas ás persoas traballadoras ocupadas, cun orzamento de 4 millóns de euros.

Outros 2 millóns de euros en concepto dos bonos talento-empresa buscando, como digo, a impartición de micro credenciais desde as empresas, é dicir, accións formativas de carácter non formal de curta duración, se queren píldoras formativas para financiar investimentos na capacitación do seu persoal.

Outra partida moi importante dentro do ámbito da formación 42,5 millóns de euros para a formación de persoas desempregadas. Achegas, señorías, dos que poden ser beneficiarios tanto a entidades locais como empresas privadas e institucións sen ánimo de lucro

Tamén as axudas en materia de formación inserción profesional con 8 millóns de euros. E seguiremos mantendo nesa liña de acercar a formación as empresas que contratan a colaboración que establecemos cos principais clústeres de Galicia e asociacións para contribuír a materialización tamén de formacións de curta duración. Eu quero destacar aquí que somos a única comunidade autónoma que aproveitou os MRR recollendo aquilo que non foron capaces de executar o resto de comunidades autónomas e o vindeiro ano asinaremos para esta partida, en concreto 5 millóns de euros.

Outra partida importante dentro do que é a formación; 6 millóns de euros que imos dedicar dentro do Plan de transición Xusta da Coruña, a cidade das TIC, onde vamos a rehabilitar dous edificios: a antiga Fábrica de Armas para a formación para o emprego, para solucionar, como digo, todo o emprego que ten que ver coas novas tecnoloxías.

Déixeme tamén que lles traslade que vamos a utilizar os microformacións para outra cuestión que dicía antes, dentro dos círculos concéntricos que é tratar de integrar sociolaboralmente ás persoas emigrantes en situación irregular que están no noso territorio. É dicir, esta é unha situación na que nós hai unha solución a formación para o arraigo, arraigo para a formación, polo que apostamos claramente, somos a única comunidade autónoma que o está facendo desde a perspectiva de emprego, aproveitando ademais ás micro credenciais. Por elo, neste ano 2025, lanzaremos unha nova edición do Programa Arraigo para a formación impulsando a súa capacitación a das persoas migrantes situación irregular a través de micro formacións. Conexionado coas entidades do terceiro sector, fundamentalmente neste caso Cáritas e ás escolas de formación agraria,

e máis unha terceira entidade do sector do terceiro sector, coa que firmamos hoxe, levamos hoxe a consello unha ampliación deste Programa Arraigo para a formación, e, como digo, este programa nos vai permitir chegar a 180 persoas migrantes en situación irregular os que pola vía das micro formacións imos procurar a súa integración sociolaboral, cun orzamento de 900.000 euros.

E o que estamos pedindo —e aproveito aquí os representantes do Grupo Parlamentario Socialista, diríxome especificamente porque son os que gobernan en Madrid— estamos pedindo que na modificación da normativa de estranxeiría se permitan as micro formacións como a fórmula máis axeitada para conseguir a integración sociolaboral destas persoas migrantes en situación irregular, e ademais acreditamos e así llo trasladamos á secretaria de Estado a pasada semana, o bo funcionamento deste programa en Galicia. Os datos de 2023 dos beneficiarios do programa obtiveran permiso de residencia o cen por cento e o 70% un contrato de traballo indefinido. Como digo, o ano pasado chegamos a 145 persoas e este ano pretendemos chegar ás 180.

Tamén aproveitamos para dicir que aquí deberiamos de ter fondos finalistas que nos deixaran utilizar fondos finalistas para este tipo de formación porque unicamente o podemos facer con fondos propios. Non digo que non esteamos dispostos a facelo con fondos propios, pero entendemos que se debía facer con fondos finalistas.

E aproveito para dicir que tamén reclamamos nesa xuntanza que haxa unha homologación o máis breve posible no tempo dos títulos daqueles que veñen de fóra. Si atendemos a un dos programas dos que logo falarei da inmigración, no que somos pioneiros tamén que son las becas BEME. Pagamos os postgraos a 250 e galegos do exterior que veñen aquí a facer eses postgraos as universidades galegas, sen embargo non lle estamos homologando os títulos, os graos, o cal os sitúa moitas veces nunha situación de traballos infra traballo respecto da súa capacitación que é difícil de entender. E, polo tanto, lle pedimos ao Goberno que axilice o máximo posible eses trámites de estranxeiría.

Se volvemos ao que lle dicía antes, de círculos concéntricos, por un lado mellorar a empregabilidade dos que xa están aquí, reter talento. Logo falarei da estratexia mocidade activa na que imos traballar no ano que vén, pero si abrimos o círculo, tamén temos que atraer talento e aí apostamos claramente por traer talento. En primeiro lugar, da colectividade galega do exterior a través da estratexia Retorna, que, como saben, está dando moi bos resultados e que ten por obxectivo traer ata 30.000 persoas deica o 2026. Nese ámbito temos o programa Retorna-cualifica-emprego que especificamente o que pretende é traer, como digo, a galegos do exterior con postos de traballo xa negociados coas nosas empresas e que no ano 2025 pretende chegar a 220 persoas cun orzamento máis de 2.4 millóns de euros con dúas melloras poderiamos dicir respecto de edicións anteriores.

En primeiro lugar temos que afinar moito máis á selección en orixe, polo tanto, imos facer feiras de emprego específicas en dous países moi relevantes, como dicía antes, para nós, como son Arxentina e Uruguai, para captar talento e vanos acompañar a

aquelas empresas que previamente se comprometan con nós a facer esas contratacións. Queremos que se faga esa selección en orixe, como digo, da man das empresas.

E ademais temos tamén que facilitar cando veñen para aquí e se traen o seu proxecto debido, sobre todo si veñen coas súas familias, feito este que sería, dende logo, moi desexable, tratar de solventarlle todas as súas necesidades básicas. E aquí unha das apostas importantes no vindeiro ano é unha orde de axudas para a rehabilitación de vivendas que vaian ser destinadas precisamente a estes emigrantes, a estes galegos retornados que veñan a ocupar un posto de traballo aquí á nosa Comunidade Autónoma, un orzamento nunha convocatoria anual de 2 millóns de euros. Logo afondarei un pouco cando falemos na emigración, pero o obxectivo é, como digo, cubrir as necesidades vitais daqueles que esteamos pedíndolle que veñan aquí a desenvolver o seu proxecto de vida, que tiñan esas necesidades cubertas.

O terceiro círculo concéntrico dos emigrantes retornados, dos galegos no exterior serían as persoas estranxeiras priorizando América Latina. Aquí é o que pretendemos é outra vez ir da man das empresas, estamos tendo reunións cos diferentes clústeres para coñecer de primeira man cales son as súas demandas de man de obra e favorecer, como digo, tamén, a contratación colectiva. Entendemos que neste punto o acompañamento da Administración autonómica ten que ter moita relevancia nesa atracción de talento estranxeiro. Aproveito aquí para dicirlle outra vez, e así o fixemos chegar á secretaria de Estado, a necesidade clara tamén de que nos apoien dende os trámites de estranxeiría para poder axilizar o máximo posible todo este traballo.

Dentro do ámbito do emprego temos tamén unha parte importante é que é o apoio do traballo autónomo e o emprendemento, polo tanto, vamos a seguir traballando a prol dun colectivo tan importante en Galicia como é o colectivo dos autónomos. Lémbrolle que estamos, en canto ao número de autónomos, case catro puntos por riba da media nacional.

Imos seguir convocando, como non pode ser doutro xeito, as axudas existentes para o colectivo de autónomos, pero ímolo facer dun xeito ordenado, reducindo na medida do posible a burocracia pola vía da unificación de todas estas ordes que nunha única orde. Digo, o que pretendemos aquí é facilitar a tramitación, en definitiva, imos recoller todas esas axudas nun paquete único que superará os 40 millóns de euros convocados de forma conxunta.

E me vou referir someramente ás diferentes liñas que temos nese paquete: o Programa de Promoción do emprego autónomo e cota 0, 28,9 millóns de euros; o bono autónomo para aqueles que xa leva máis de 42 meses de actividade e que o vindeiro ano contará con 8 millóns de euros; o programa Nova oportunidade, a aqueles que queiran volver emprender un negocio en Galicia, temos en Galicia segundo as oportunidades, 1,5 millóns de euros; o bono Remuda con algunhas afinacións tamén que lle imos facer respecto da edición do ano pasado, 1,2 millóns de euros ou as axudas para a conciliación das persoas autónomas, que estarán dotadas neste 2025 cun millón de euros.

Lémbrolle simplemente que isto de recoller todas estas axudas nunha única convocatoria era un compromiso electoral e, polo tanto, estamos facendo o que nos comprometemos a facer.

Pero ademais, como saben, temos posta en marcha a Axenda impulso autónomo horizonte 2027 noutras actuacións relativas aos traballadores autónomos e un millón de euros para novas actuacións, 1,35 millóns de euros investidos en apoiar as persoas autónomas na contratación de traballadores e traballadoras por conta allea e tamén 350.000 euros para fomentar o asociacionismo das persoas autónomas.

Importante tamén —dicíallo antes— temos que traballar na problemática que temos de escaseza de man de obra por reter talento, y aquí me van a permitir que preste especial atención á nosa mocidade, a xuventude galega ao mellor activa a nosa comunidade, por iso é prioritaria, debe ser prioritario as políticas de emprego, non só dende a consellería que eu levo, senón dende o conxunto da Xunta de Galicia. Anunciarlle que no 2025 estamos traballando para poñer en marcha a estratexia de emprego xuvenil, estratexia mocidade activa, que na parte desta consellería, —digo, é máis ampla ao seu alcance— contará con 20 millóns de euros. Obxectivo, sen dúbida, mellorar a situación vital das persoas mozas galegas e a súa empregabilidade.

E si me permiten tamén que lle cite a algunhas das medidas que forman parte desta estratexia, pero xa lle digo que ao longo do vindeiro ano seguro avanzaremos, e sería bo escoitar no ámbito parlamentario as propostas dos diferentes grupos que poidan facer a este respecto. Mencionarlle os 6,3 millóns de euros que dedicaremos o programa da primeira experiencia profesional das persoas mozas, contratación de menores de 30 anos nas empresas. Imos incrementar tamén o orzamento do programa Galicia Emprega Mozos para achegar aos 3,5 millóns de euros. Imos tamén impulsar o programa Investigo con especial énfase naqueles contratos menores de 30 anos que continuaremos co programa Cooperas con arredor de 12 millóns de euros.

Por suposto, temos que apostar dentro do ámbito do emprendemento, por algunha especialización, e dende a consellería que eu dirixo, imos apostar clarisimamente polo emprendemento ligado ao territorio. Isto non é nada novo, xa temos en marcha os 14 polos de emprendemento, as redes que agora imos potenciar, como dixen xa antes, coa inauguración do de Vilanova de Arousa e ao mesmo tempo tamén coa posta en marcha do Centro de Orientación ao Emprendemento na Coruña, que o que pretende facer esa coordinación. A estes polos imos dedícalle 6,2 millóns de euros na vindeira anualidade, xunto con todas as actuacións que teñen que ver co emprendemento.

Poremos en marcha un bono de emprendimiento para novas empresas cun investimento de 700.000 euros para apoiar a aquelas empresas innovadoras que resulten da rede de polos. E tamén temos unha liña de axudas para fomentar iniciativas empresariais, emprendedores innovadoras de 6,8 millóns de euros, axudas ao

emprendemento. É dicir, un paquete de medidas no seu conxunto de apoio ao emprendemento ligado, como digo, aos polos de 14,5 millóns de euros.

Dentro dese apoio polo emprendemento ligado ao rural, imos continuar apostando polos coliving, non digo que sexa a solución de todo o rural, pero si é unha fórmula para traer traballadores de alta cualificación, chamémoslle nómadas dixitais e fixar poboación e crear riqueza, e foi moi adecuada, pois a nosa colaboración coa asociación cultural Sende que xestiona, como saben, en Lobeira un coliving é o primeiro centro deste estilo en Europa, pero tamén outras como Sende en Ponte Caldelas, ou Islow en Laxe. Nesta iniciativa continuaremos no 2025 apoiándoa con 120.000 euros.

E destinaremos tamén un total de máis de 80 millóns de euros para iniciativas de emprego ligadas ás entidades locais, eu creo que é unha cifra moi relevante, señorías, temos aquí tanto programas integrados de emprego como orientación laboral, obradoiros de emprego, os programas duais, creo que estamos falando de programas ou a prol, estamos falando de programas suficientemente importantes e que poñen de manifesto o esforzo que fai tamén a Xunta de Galicia para apoiar, como non pode ser doutro xeito, as entidades locais neste ámbito de fomento do emprego e do emprendemento.

Con todas estas apostas, e falando ademais de emprendemento ligado ao territorio, acadamos o recoñecemento por parte da Unión Europea da Rexión Emprendedora Europea 2025, foron tres comunidades, tres rexións en toda Europa, Galicia foi unha delas e creo que é un galardón que recoñece a aposta da Xunta por desenvolver o potencial das nosas catro provincias a través de actividades empresariais que contribúen a fixar poboación. Mostras de que estamos no bo camiño e que seguiremos avanzando, non pode ser doutro xeito, a través del.

Vou ir rematando xa está primeira quenda para tratar de cumprir o que me pediu a presidenta respecto aos 30 minutos falando con como non pode ser doutro xeito de dous eido importantes que son a economía social e a igualdade laboral.

En canto á economía social, creo que é un motor importante tamén de emprego nun ámbito que moitas veces é custoso, como ten que ver tanto o ámbito cooperativo, economía social pero tamén o tema da discapacidade, e imos ter un orzamento conxunto de 44,8 millóns de euros. A min gustaríame destacar pola súa transcendencia económica a orde relativa aos centros especiais de emprego, que vai ter un orzamento neste ano 2025 de 29, 3 millóns de euros, pero tamén o Galicia-Emprega discapacidade, que investirá 3,4 millóns de euros para fomentar a contratación neste sentido. Ou outro ámbito igual de transcendente, como a responsabilidade social empresarial por medio no que ocuparemos un montante de 1,4 millóns de euros.

E remato xa coa igualdade laboral. Temos que continuar avanzando, señorías, no fomento da igualdade efectiva entre homes e mulleres no eido laboral e no impulso tamén a presenza feminina en sectores profesionais tradicionalmente masculinizados. Polo tanto, neste ano, 2025, temos unha serie de medidas orzamentadas, entre as que

destacamos as axudas á contratación de mulleres en ocupacións tradicionalmente masculinizadas, 1,7 millóns de euros. O Galicia emprega muller, que contará con 7 millóns de euros para favorecer a contratación de mulleres, as achegas destinadas a favorecer nas empresas a conciliación en materia de igualdade laboral se manterá nos 600.000 euros en 2025; a plataforma virtual ICO ao Campus, unha ferramenta formativa especializada en igualdade de xénero laboral cun orzamento de 160.000 euros, ou as medidas contra a brecha salarial para as cales se orzamentan 600.000 euros.

Xa o adiantaba antes esta parte que acabo de trasladar, que é a referida ao emprego e se cadra, e con certeza, —non creo que na segunda quenda vou utilizar tanto tempo polas outras dúas— e se me permiten, deixo para a segunda quenda, Comercio e Emigración, que son competencias igualmente transcendentes para este departamento.

Falamos de números, pero tamén creo que falamos e accións. Por iso espero iniciar con esta primeira parte da miña comparecencia e, como lle dixen tamén ao principio, un diálogo para avanzar en conxunto, un intercambio de ideas se é posible hoxe nesta comparecencia, que lles sirva aos galegos e ás galegas e que faga o tempo investido na Cámara hoxe aquí un tempo proveitoso e satisfactorio para todos e para todas.

Sen máis, continuarei na miña segunda quenda debullando os orzamentos.

Moitas grazas, señorías.

A **presidenta (Presas Bergantiños):** Grazas, señor González, pola súa disciplina.

Pasamos agora á quenda dos grupos parlamentarios. En primeiro lugar, por parte do Grupo Mixto, ten a palabra o seu voceiro o señor Ojea, por un tempo máximo de 10 minutos.

O **señor Ojea Bouzo:** Grazas presidenta.

Agradecemento ao conselleiro e ao seu equipo pola presenza de aquí.

Falou aí cara ao final nomeou catro provincias, pero das catro provincias non sei, tres parecen o conto aquel da Cincenta, porque miren, da inversión global prevista nos orzamentos analizado con criterios de territorio, a Coruña leva 71,33% —estou lendo no Excell que facilitan na web—; Pontevedra, 10,75%; Lugo, 8,30%; Ourense, 7,03%; As cifras figuran xa de xeito explícito no Excell, non tiven que calcúlase a partir dos datos. Bueno, 7,03% para Ourense; 71,33 para A Coruña. Iso é fácil de dividir, 10 veces máis para a Coruña que para Ourense, xa no análise groso.

Despois analizando, vemos que, por exemplo, das 45 partidas que están desglosadas 16 en 16, o cen por cento vai para A Coruña, ou sexa, o cen por cento son partidas exclusivas para A Coruña. Ourense, por certo, non ten ningunha partida

exclusiva, non hai ningunha desas partidas nas que supoña un gasto específico para a provincia de Ourense e todas as partidas nas que a provincia de Ourense ten participación andan todas no porcentaxe do 10 do 12, nalgún caso do 15%, iso nas que ten, que hai moitas que non ten nada porque son todas como digo, porque 16 xa son só para A Coruña-

Isto quere dicir que vostede falaba antes de, primeiro a importancia dos números e, por outro lado da importancia das estratexias ou das boas intencións ou da eficiencia no gasto, como lle queira chamar, son conceptos diferentes pero que están na mesma semántica.

E, se non hai cartos, un xa pode ser como eran antes as nosas amas de casa, que espremían a peseta ao máximo, e un xa pode ser o máximo xestor dos cartos, un pode deseñar as mellores estratexias que, se non hai cartos, —vostede sabe aquilo de factor extenso e factor intenso. O factor extenso os cartos que hai, o factor intenso a eficacia co que eu os gaste. Se o factor extenso é cero ou cercano a cero por moita eficacia que gaste os cartos non vai ter efectos.

Entón eu estoulle recordando sinxelamente que é un sesgo demasiado grande que Ourense leve 7,03 como para que poida ser atribuído ao azar ou as ou as flutuacións razoables que pode haber no gasto entre una provincia e outra, é demasiada diferencia, 7,3% contra os 71,33%, aquí se facemos aquilo que se chamaba o contraste de hipóteses en estatística, sabemos que aquí hai unha intencionalidade consciente ou inconsciente, —non vou dicir consciente— a ignorar a provincia de Ourense na inversión.

Falou dos autónomos. Eu voulle recordar, vou facer unha pequena reflexión, os autónomos poden ser dous tipos, así falando en xeral, hai autónomos que viven en zonas industrializadas, onde poderían atopar traballo, onde podían ter bos empregos nas empresas, pero que deciden polos seus coñecementos, pola súa formación e pola súa forma de ser, emprender. Eses suelen vivir nas zonas industrializadas, poñamos Coruña, poñamos Vigo. E nesas cidades quen decide facerse autónomo, normalmente non é porque non tivesen oportunidades laborais no ámbito privado, nas grandes empresas, normalmente son persoas formadas con espírito emprendedor e esa é unha clase de autónomos. Na provincia de Ourense, non é así, na provincia de Ourense a inmensa maioría dos autónomos cansáronse de buscar traballo, non o encontraron, entón proban moitas veces información sen verdadeira personalidade emprendedora, pero como o de que algo hai que vivir, pois é unha forma digamos, de disfrazar o paro ou de escapar do paro.

Nesas dúas clases de autónomos, loxicamente a que precisaría de máis axuda pública é a segunda, porque normalmente aqueles autónomos e aqueles empresarios con boa formación empresarial, bo carácter de emprendedores que viven, digamos, xa nesa cultura do emprendemento, precisan de pouca axuda pública e moi a miúdo a rexeitan, porque non cren moito niso. Sen embargo, a segunda clase de autónomos que se mete a montar un negocio como unha rede de seguridade para ter algo do que vivir, eses son os que precisan normalmente de maior asesoramento e da axuda pública para arrancar. Co

cal á provincia de Ourense nese sentido debería prestárselle máis atención, porque na provincia Ourense son esta clase de autónomos e non os que poidan vivir en cidades ou en provincias onde de todos os xeitos terían a oportunidade de vivir dun traballo por conta allea. É unha reflexión que lle deixo aí, porque me parece interesante

Fíxese que Ourense e Pontevedra lideran o paro, segundo os datos que saco aquí do 23, non estarán moi actualizados pero por aí andarán. A verdade é que as cifras non son para tirar cohetes en ningún sitio, pero Ourense e Pontevedra liderarían e, polo tanto, serían tamén onde farían falta máis investimento e paradoxalmente, xustamente en Ourense, onde farían falta as maiores investimentos neste sentido, polo que estou dicindo, volvo repetir, 7,03 % do gasto previsto, do investimento previsto.

Falou moito de pensar en termos ligados ao territorio, pero non o vexo eu moito, pero tampouco é unha excepción, porque teño que dicir que os que lle antecederon no uso desa cadeira das comisións anteriores, presentáronos tamén uns orzamentos neste mesmo sentido, analizado desde esa perspectiva, sempre á provincia de Ourense cun investimento mínima, que practicamente nunca chegaba ao 10% eu xa bromeaba dicindo que a provincia de Ourense non se lle pagaba o diezmo porque non chega ao 10%, neste caso tampouco o 7,03 %.

E despois xa analizando as partidas concretas, pois efectivamente, estas porcentaxes mínimos afectan a todo o que vostede falou, á loita contra a brecha de xénero nos salarios, ao investimento en I+D, etc., etc., a todas estas cuestións, co cal, por moi bonitas que sexan as palabras dicindo, pois mire, falou de Lobeira dese emprendemento que saíu fai pouco, efectivamente, na prensa. Esa cifra é irrisoria, claro, conceptualmente di pois mire 120.000 euros, para iso, miren as cifras que hai por aquí destinadas á Coruña, e ata parece un pouco obsceno. Veremos despois incluso o resultado que dan esas cousas, porque moitas destas iniciativas ás veces son moi ben intencionadas, pero o baixo coñecemento da realidade socioeconómica fai que fracasen en grande en gran parte. verémolo no seu momento.

En todo caso, eu penso que, sendo ademais vostede orixinario, se non me falla a memoria da provincia, pois debería ao mellor reverter esa sempiterna discriminación, xa digo non necesariamente consciente e moi probablemente que sexa o cal case aínda peor, porque dicía aquel, case prefiro o odio —como era aquilo— prefiero el odio que la indiferencia, dicía aquela canción. Con iso quería dicir que case, case preferiría mellor que nos odiasen a que nos ignorasen, que é o que parece ser.

De momento non lle vou contar nada máis pero a miña percepción avalada pola aritmética pois é esa o 7,03% para a provincia de Ourense, 71,33 para A Coruña, xustamente a provincia menos desenvolvida e a que máis pode precisar das axudas públicas para o emprendemento autónomo, para o paro

Nada máis, grazas.

A **presidenta (Presas Bergantiños):** Moitas grazas señor Ojea.

Pasamos a quenda do Grupo Socialista de Galicia para o que ten a palabra cando queira a señora Dacosta.

A **señora Rodríguez Dacosta**: Grazas, presidenta. Benvido conselleiro e a súa equipa.

Estes orzamentos en xeral, entendemos as socialistas, que non responden aos problemas reais da nosa comunidade autónoma, que aumentan partidas que non tocan a vida cotidiana das persoas e que non melloran as necesidades de vivenda, sanidade, coidados e emprego, queda nun segundo plano.

E, para contextualizar, conselleiro, en materia de emprego, estamos crecendo, crecemos menos que o resto do Estado. Comparando a EPA, a última EPA que saíu hai uns días do terceiro trimestre do ano 2024, respecto ao mesmo trimestre do ano anterior, o Estado ganaba un 1,8 de ocupados e Galicia, 1,4. Se analizamos a taxa de actividade por provincias Baleares a lidera mentres Ourense está ao final da taxa de actividade.

Dende o PSdeG seguiremos loitando cos orzamentos que reflictan estas verdadeiras prioridades da nosa terra. O compromiso de Rueda co emprego demóstrase coa baixada nos orzamentos conselleiros para este ramo, en emprego falo, e máis de 2 millóns de euros, 10, concretamente se falamos de fomento da empregabilidade, cando Galicia conta, segundo a última EPA, con 35.600 parados de longa duración que nos preocupa, e un 42,1 % das persoas que traballan en Galicia a tempo parcial de forma involuntaria, estes traballadores que podemos considerar en moitos casos traballadores pobres, un mercado laboral con pouco dinamismo cunha taxa de actividade tan só un 53,6 % e o 53,6% fronte ao 59% do resto do Estado. Ben sei que vostede leva poucos meses á fronte desta consellería, e isto é consecuencia de moitos anos de desleixo.

Mentres os mozos e mozas de Galicia seguen emigrando a outras comunidades autónomas en busca de mellores empregos, vostedes non incrementan o orzamento nin buscan novas fórmulas para que esta situación se reverta, senón coa baixada co respecto do ano 24 en emprego é dun 0,47%.

Mentres presumen dos orzamentos máis altos da historia, O Programa de mellora da empregabilidade baixa de 82 millóns de euros a 72 millóns de euros, 10 millóns, como dicía antes. Non lle preocupa, conselleiro a actuación dos traballadores ao mercado laboral actual, falou moito disto, nos agrada porque levamos anos as socialistas intentando que nos aproben iniciativas respecto a esta cuestión, o casar oferta coa demanda con escaso éxito, agora parece que vostede vai coller este touro polos cornos e veremos os resultados. A nós, os socialistas, as socialistas, nos gustaría que fosen bos, por suposto.

PARLAMENTO DE GALICIA

E, ¿non lle preocupan aos cambios que está a sufrir o mercado de traballo, señor conselleiro, coas introdución das tres transicións dixital, demográfica e ecolóxica e a formación destinada a estes campos?

Que me di do Programa 322 C de promoción do emprego, emprego autónomo e mercado inclusivo, cunha baixada de case..., parece que estou facendo un monólogo para que sabían, porque a verdade é que si , xa non, paréceme ben que se rían vostede neste caso quen é o secretario xeral, pero bueno, benvido secretario xeral e alégrome de que lle guste tanto a miña intervención e polo menos non chore coas cifras que estou dando.

Ben, baixan case 500.000 euros, dicía, non entendible, entendo eu, que saquen peito desta mingua do orzamento. Tamén a baixada da partida de 323A de Formación profesional para desempregados, 2 millóns de euros menos para esa formación dos parados e separadas na nosa comunidade autónoma. Por iso as socialistas en materia de emprego tachamos estes orzamentos de continuístas, carentes de ambición e de falta de innovación, ante os retos que afronta o mercado laboral, ante a falta de persoal traballador en diversos sectores: Hidrometal, construción e transporte.

Falarei, se me dá tempo, dos polos de emprendemento levados por fundacións e non como un servizo público como debía de ser. Ante a situación de precariedade que sofren os mozos e mozas e ante a fenda salarial que padecen as mulleres, que non falou desa fenda salarial e a falta de presenza das mesmas nos sectores mellores con mellores convenios colectivos da industria e mellores posicionados e, por primeira vez se escoita nesta sala falando de orzamentos, formar a sectores que están masculinizados tamén nos alegra nos alegra no Partido Socialista, que esta iniciativa, que tamén foi traída en numerosas ocasiones, e votar en contra do Partido Popular, pois agora se recolla nestes orzamentos.

De 2009 a 2023 o Goberno galego afanouse facernos trampas ao solitario porque vou falar de moitísimas cifras, hoxe aquí, de aumentos e diminucións, pero deixou sen gastar 2.184 millóns de euros dos 6.200 que tiña asignados a políticas de emprego, o 34,9% do crédito asignado, senón están conformes con estas cifras ben poden falar co conselleiro de Facenda, porque os datos provén do propio Parlamento de Galicia.

Nos últimos dous anos Goberno Rueda, quedaron sen gastar 409 millóns de euros, o 37,2 dos fondos dispoñibles. Con Rueda e con Feijóo, ou con Feijóo e con Rueda ata o de agora, polo menos o Partido Popular non foi quen de gastar o orzamento destinado a políticas de emprego. Tampouco vai ben o orzamento executado ata este momento si que explicaba o secretario xeral nunha comparecencia que era pronto para saber como o orzamento ía estar gastado. Perdón, foi vostede.

Un dos problemas que ten o mercado de traballo de Galicia chámase Xunta de Galicia, que deixa sen instrumentos a adaptación ás necesidades actuais, tanto as persoas paradas como das ocupadas. Ata o de agora as oficinas de emprego non tiñan os

perfís profesionais nin actualizados e non casaban ofertas con demandas. ¿Quen confiaba en Galicia no Servizo Público de Emprego de Galicia? ¿Quen acudía ao Servizo de Emprego de Galicia para encontrar un traballo adecuado ás súas capacidades? ¿Que empresas acudían ao Servizo Público de Emprego de Galicia para demandar empregos? Vostedes saben que non funcionaba.

Estes orzamentos continuístas non se centran en sacar a Galicia das comunidades con taxas de actividade de ocupación máis reducidas e a menor creación de emprego en comparación coa rexistrada no resto de España. A presentación dun orzamento sen fórmulas innovadoras complica que a nosa comunidade autónoma cree emprego de calidade.

Botamos en falta os socialistas ese Plan de emprego xuvenil agora anunciaba que están elaborando esta estratexia, conselleiro, esperemos que se leve a cabo e que deseñe medidas e dicía que aportamos ideas, pois deseñen medidas que contribúan a establecer un marco laboral de calidade no emprego, combatendo ese efecto desánimo dos mozos e mozas galegos e que facilite a súa inserción laboral.

É preciso esa estratexia que anunciaba agora que aínda non está desenvolta porque padecen unha situación de precariedade, condicións que determinan unha situación de desvantaxe por desigualdade caracterizada porque teñen contratos de curta duración, a maioría de duración inferior a un ano, por obra ou servizo, por circunstancias da produción agora coa reforma laboral ben certo, esta situación empeza a mudar; ostentar elevados índices de temporalidade e reducións de xornadas non desexadas porque están traballando a tempo parcial moitos mozos e mozas que non desexan esa circunstancia.

Vostede sabe das horas extras con ou sen remuneración, todo o que implica a maiores riscos para a súa saúde laboral, tema que non mencionaba vostede na súa comparecencia, paréceme que non lle preocupa conselleiro a saúde laboral e a accidentabilidade. Falarei se me da tempo deste tema.

E pedimos tamén as socialistas poñer en marcha políticas de emprego que impulsen a incorporación das mulleres ao traballo, iso que vostede dicía que van a facer, esperemos resultados en condicións de calidade, con contratos a tempo completo de duración indefinida e nas mesmas condicións dos homes para poder alcanzar a igualdade efectiva entre mulleres e homes.

Mellorar as políticas activas de emprego, en especial as dirixidas ao incremento, conselleiro, de inserción e permanece laboral de determinados grupos de mulleres con dificultades especiais, as maiores de 45 anos, ás novas e sen cualificación ou as necesidades da recualificación.

Tamén adoptar políticas con perspectiva de xénero en todos os ámbitos en especial en materia de coidados, porque dignificar este sector é moi importante. E adoptar

políticas de corresponsabilidade efectiva. E estes orzamentos de momento non contemplan estas peticións.

Tamén queremos pedirlle conselleiro que se implique por favor no problema da sinistralidade laboral. É decisiva una intervención activa por parte da Xunta de Galicia, saian vostedes, como dicía, nun pleno non fai moito, desa zona de confort nesta materia...

A **presidenta (Presas Bergantiños):** Ten que ir concluíndo señora Dacosta.

A **señora Rodríguez Dacosta**: Vou concluíndo dicindo que falaba vostede do diálogo social, para min e para os socialistas é imprescindible no mercado laboral e a súa repercusión, e deixen de institucionalizalo pois é unha promesa que debería cumprir, pero pode cumpridos simplemente xa cumprindo cos comités provinciais, cos decretos que regulan os comités provinciais e os comités autonómicos de emprego, que están por decreto non derrogados e non cumpre a consellería esas convocatorias. A problemática é máis problemáticas que agora non podo abordalas. Pero seguiremos na segunda quenda tamén co sector do comercio e as conclusións.

Grazas. Seguiremos despois.

A **presidenta (Presas Bergantiños):** Moitas grazas, señora Dacosta.

Pasamos agora á quenda do Bloque Nacionalista Galego o señor Fernández Alfonzo. Cando queira.

O **señor Fernández Alfonzo**: Obrigado señora presidenta.

Boa tarde a todos e todas.

Benvido, señor conselleiro e demais persoas do seu departamento.

Eu quixera realizarlle algunhas preguntas. En primeiro lugar, sobre a tendencia do emprego no noso país, en segundo lugar, sobre o servizo público de emprego, e a seguir, algunhas cuestións concretas coa intención de que este debate sirva para algo máis, que para que a Xunta deixe un par de titulares de prensa, cuestións sobre o seu orzamento para os ámbitos da igualdade, da conciliación, prevención de riscos laborais, da remuda xeracional das persoas autónomas, do comercio, e finalmente a promoción do galego nas persoas migrantes. Procurarei ser moi breve na explicación nestas cuestións para que me dea tempo a todo.

En primeiro lugar, a tendencia do emprego na Galiza. Voulle dar unha serie de datos que agardo que non cuestiones a que son datos de fontes oficiais coa Seguridade Social ou a EPA.

PARLAMENTO DE GALICIA

As afiliacións á Seguridade Social para o total do sistema no ano 2023 na Galiza aumentan 1,8 en relación co ano anterior mentres no conxunto do Estado aumenta 2,7. A distribución da poboación ocupada estimada pola EPA na Galiza no ano 2023, segundo o tipo de contrato, medra o número de persoas asalariadas con contrato indefinido 6,2; descenden as persoas con contratos temporais 12,5. No conxunto do Estado español estas taxas de valoración son máis pronunciadas; aumentan os contratos indefinidos 8,7, descenden os contratos eventuais 16,4. Isto deixa un escenario no que o peso relativo aos contratos temporais sobre o conxunto é de 14,2 por riba da media do conxunto do Estado, que está en 13,3.

O mesmo, se falamos do nivel de rotación das persoas asalariadas con contratos temporais que é de 2,4 contratos por persoa a nivel estatal, mentres na Galiza é 3,2, por certo, cunha clara diferenza por xénero, xa que, mentres a nivel de rotación nos homes se mantén estable en 2,5, nas mulleres aumenta ata catro contratos.

Interésanos coñecer a súa opinión sobre as causas que poden estar detrás destas diferenzas. ¿A que se debe, señor conselleiro, que non esteamos creando emprego ao mesmo nivel que o conxunto do Estado español, e por que é máis difícil vencer a temporalidade no noso país? Doulle un último dato que para nós é moi significativo: mentres o nivel de emprego no Estado español alcanzou o seu máximo histórico superando o nivel de emprego previo á crise financeira, o noso país na Galiza seguimos lonxe de alcanzar as cifras de ocupación previas á crise económica de 2008, concretamente, seguimos 5 puntos por debaixo. ¿Porque non somos quen de recuperar ese nivel de emprego? Interésanos saber se ten vostede unha explicación.

En canto ao servizo público de emprego gustaríanos saber cales son as súas previsións sobre novas convocatorias para a incorporación de persoal, concretamente queremos coñecer o volume destas novas incorporacións e as categorías. E, finalmente, o saldo con respecto a xubilacións ou baixas no servizo.

E tamén queremos preguntarlle pola súa aposta pola externalización a través desa rede privada de polos de emprendemento, que parece incrible que estea vostede tan fachendoso. Para o BNG que a persoa responsábel de xestionar un servizo público aposte tan decididamente por desfacerse del, non deixa de causarnos certo pasmo.

E agora as preguntas concretas en plan telegráfico: hai dous aspectos fundamentais do mundo do traballo nos que se ten avanzado moito a nivel teórico e formal, máis nós que temos que dicir que está sendo moi difícil que eses avances cheguen á vida real, que cheguen ás condicións materiais dos postos de traballo. Falo da prevención de riscos laborais e da igualdade, ás veces parece que existan apenas a nivel formal.

Quería que nos explicara como vai facer o seu departamento para que dunha vez por todas a igualdade e a prevención sexa unha realidade tanxible en todas as empresas. Non chegamos a ver nos seus orzamentos unha aposta decidida para conseguir

avanzar nestes obxectivos. As partidas son ridículas e non sabemos se correctamente enfocadas. Por exemplo, en prevención de riscos á parte das partidas destinadas a financiar o ISSGA, hai 1.655.103 euros destinados exclusivamente a entidades sen ánimo de lucro. Non entendemos que as empresas non poidan ter acceso a axudas públicas para mellorar a súa prevención.

Ou, en canto á igualdade, hai algunhas convocatorias concretas que imos coñecendo nestes últimos anos que non parece que consigan grandes resultados. Por exemplo, as axudas para implantar o teletraballo están vinculadas á conciliación. Máis, tal como están redactadas, o ánimo de fomentar a conciliación pode existir ou non. Imos poñer un exemplo se a empresa ACT, Enxeñaría de Ferrol, quere contratar un profesor da Escola de Enxeñeiros de Vigo en réxime de teletraballo vai ter acceso a estas axudas.

Eu tiña localizadas, en canto á igualdade, tres partidas que suman un millón de euros vostede mencionou tres que suman polo que dixo, 1.200.000 euros, en todo caso, parecen cantidades moi pequenas, e insisto, no feito de estar mal enfocadas. O que contrasta co feito do Partido Popular votar sistematicamente nesta Cámara en contra de iniciativas do BNG, por exemplo, ampliar a rede de escolas infantís e achegalas a polígonos industriais ou as contornas de máis actividade, ou a renuncia a continuar unha liña de axudas que había para a contratación de educadores por parte das empresas que quixeran ofrecer servizo de gardería.

Para o BNG as políticas de fomento da igualdade de oportunidades teñen que ir vinculadas a unha gran ampliación dos servizos públicos e, máis aínda, se temos en conta a profunda crise demográfica do noso país, que en termos de emprego tradúcese nunha baixa poboación activa. Concretamente a segunda máis baixa do Estado español despois de Asturias, cousa que vostede preferiu ignorar na súa primeira exposición.

En todo caso, chama a atención que un Goberno que debe enfrontar este problema tan evidente e tan sensible, sexa tan timorato na súa aposta por fomentar a conciliación. Calquera entendería que esta aposta debera estar á altura do reto que debemos enfrontar.

O mesmo poderiamos dicir da súa estratexia para a remuda das persoas autónomas e, nomeadamente, para o ámbito do comercio. Vostede recalcou que o nivel de persoas autónomas é superior na Galiza ao conxunto do Estado. Mais tamén obviou que, mentres que a nivel estatal aumenta o número de persoas autónomas, o seu número aquí na Galiza mingua.

Neste contexto, as convocatorias para a remuda, que é un dos principais problemas que comunica o propio sector, son de apenas un millón e medio de euros para este 2024. Non sabemos canto teñen reservado para o 2025, pareceume entender que a cantidade era parecida.

E, sobre todo, estamos a falar dun orzamento para a Dirección Xeral de Comercio que un ano máis segue baixando. E para 2025 non chega nin aos 22 millóns de euros. Non colle en cabeza ningunha que vivindo o sector do comercio a crise máis grave da súa historia, os seus orzamentos baixan ano tras ano.

E remato, como dicía, preguntándolle pola promoción do noso idioma, do galego entre a poboación migrante.

Estes días está de actualidade o debate provocado pola continua perda de falantes do noso idioma e a este respecto algún responsable político do Partido Popular dixo que unha das razóns era o aumento da poboación migrante. O lóxico sería pensar que se teñen vostedes tan clara a diagnose, terán tamén algunha proposta ao respecto. Ademais, vostedes insisten moito en que a saúde do galego depende sobre todo de normalizalo fóra da escola, cousa que, sendo certa, non desminte unha verdade contrastada historicamente en todos os países do mundo que é que non se pode garantir a competencia lingüística ni a normalización de usos sen contar coa participación da escola.

En todo caso, —e remato xa— ¿señor conselleiro, ten vostede algunha proposta para facilitar que as persoas migrantes aprendan o noso idioma?

Máis nada. Obrigado.

A **presidenta (Presas Bergantiños):** Moitas grazas, señor Fernández Alfonzo.

Pasamos agora á quenda do Grupo Parlamentario dos Populares de Galicia. Señora Pérez López, cando queira.

A **señora Pérez López**: Boa tarde.

Grazas, presidenta.

Eu quería iniciar a miña intervención dándolle a benvida en nome do Grupo Popular, tanto ao conselleiro como a todo o equipo da Consellería de Emprego, e felicitalos polo traballo diario que están a facer cada día e pola elaboración destes orzamentos que reflicten que, un ano máis, o Goberno galego reforza o gasto social e un ano máis o presidente Rueda prioriza o investimento nas persoas, no futuro e na estabilidade da nosa comunidade.

E os orzamentos, ademais dun exercicio de responsabilidade, son a lei máis importante que pode aprobar unha Administración. Porque neles materialízase ou neles recóllense, como acabamos de comprobar e como nos desgranou o conselleiro, todas as prioridades económicas e sociais dun Goberno. Euro por euro se nos se di en que se vai a investir, como se van a dar solucións aos problemas reais dos cidadáns e como se vai mellorar o seu benestar. Porque sen presupostos non hai nada que gobernar.

Esta non é unha frase miña, non vou ser a que me apropie dela. Supoño que todos a recordarán, ao igual que recordarán a frase de que «un gobierno sin presupostos es tan útil como un coche sin gasolina». Outro mítico ¿non? Debe ser a única verdade que nos contou o señor Pedro Sánchez aos españois nos seus anos que leva á fronte do Goberno de España. Iso si, agora mudou de opinión, que iso está moi de moda, é probable ou se aplica outro conto, porque en España a día de hoxe non hai orzamentos.

A min sorpréndeme oír falar tanto ao Partido Socialista como ao Bloque Nacionalista Galego, dicía o Partido Socialista: orzamentos continuístas. Pero vai haber orzamentos, señorías.

E dicía o Bloque Nacionalista Galego que apoia sen fisuras ao señor Sánchez en Madrid, que hai unhas partidas ridículas. Pero imos ter partidas, señor Alfonzo. É que non nos vemos co mesmo carisma reclamando no Goberno estatal eses orzamentos que tamén son necesarios para Galicia, vostedes que están apoiando e mantendo ao señor Sánchez alí un ano tras outro.

E, como dicía, este ano todo indica que volveremos quedar sen orzamentos para o ano 2025. Estaremos atentos a ver se o Partido Socialista de Galicia e o Bloque Nacionalista Galego o reclaman.

E a nós, ao Partido Popular nos preocupa. Porque, aínda que as competencias en materia de políticas activas de emprego están transferidas a Galicia e ao resto das comunidades autónomas, a falta de orzamentos afecta directamente ao financiamento de programas clave en materia de emprego, mesmo ás veces chegando a ralentizar as entregas á conta das autonomías. E, sobre todo, xera inestabilidade para os investimentos. Nestes momentos hai incertidume nos investidores. E sen empresas, señorías, repítolles, non hai emprego.

Vostede o dicía, señor conselleiro, hai un momento: o emprego créano os empresarios. Esa é a verdade e esa é a realidade. Aínda que os gobernos o que teñen que facer son políticas adecuadas ás necesidades do mercado laboral, para que poidan axudar a esas empresas.

Polo tanto para o Grupo Parlamentario Popular é un alivio, é unha tranquilidade estar debatendo no mes de outubro unhas contas para o ano 2025 que son equilibradas e que teñen en conta tanto as necesidades e as particularidades do mercado laboral galego, como as necesidades das persoas, e que verdadeiramente colocan ás persoas no centro da ecuación.

O Goberno galego leva anos traballando cunha folla de ruta clara para xerar emprego de calidade e para garantir a competitividade do noso tecido produtivo. E iso reflíctese nos datos.

O señor Ojea falou dos do ano 2023, que lle dá o mesmo que sexan do 2023 que do 2024, deben ser así parecidos e o señor Alfonzo colleu tamén os datos da EPA que máis lle gustaron. Non se sabe tampouco de que EPA.

Esta é a EPA publicada a pasada semana e non deixa lugar a dúbida de que en Galicia descende o paro, sitúase tres puntos por debaixo da media nacional. Descende o paro en Galicia tamén á xente moza que tanto lles preocupa a vostedes, e descende o paro en Galicia das mulleres. E ao mesmo tempo se incrementa a poboación ocupada, que continúa a súa tendencia á alza.

Pero a nós con estes datos e vendo que Galicia segue avanzando, nos preocupa o que está a acontecer a nivel estatal polo impacto que poida ter na capacidade das comunidades autónomas para xerar emprego. O impacto que poidan ter esas políticas erráticas, cortoplacistas, electoralistas que se están adoptando desde o Goberno de España e que están a limitar o dinamismo do mercado laboral e a xeración de postos de traballo no noso país.

E non é unha política errada, nin dúas, nin tres, son moitas e repetidas. E esta non é unha cuestión ideolóxica e eu creo, aínda que vostede nos pediu que fixeramos aportacións positivas, creo que isto hai que poñelo enriba da mesa e falar diso. Mentres en Galicia estamos acadando os resultados tanxibles —reitero, o paro segundo a EPA descendeu un 8,84 %, segundo a EPA deste último trimestre, case tres puntos por debaixo da media nacional—, España é o país con máis paro de toda a Eurozona. Esta é a realidade da semana pasada, señorías.

E é certo que en case todos os países do mundo a taxa de desemprego xuvenil é maior que a taxa de desemprego xeral, iso pasa en case todos os países. Pero mentres en Galicia e, segundo os datos da EPA da semana pasada, o grupo de idade con maior incremento na ocupación é a xente moza, hai máis traballo para a mocidade en Galicia, señor Alfonzo, e aínda así este ano se vai a poñer en marcha unha estratexia para a mocidade transversal en todo o Goberno galego, en España contamos co título de ser líderes de paro xuvenil. Eu non me estou inventando absolutamente nada, esa é a realidade.

E mentres en Galicia buscamos alternativas como as microformacións, como as microcredenciais, o arraigo para a formación para dar solucións a un dos maiores problemas que experimenta o mercado laboral e á falta de man de obra e a desconexión entre a oferta e a demanda de traballo; a falta de flexibilidade nos fondos finalistas que nos manda o Goberno, nos impiden en moitas ocasións adaptar esa formación ás necesidades e ás particularidades do noso mercado laboral e do noso tecido produtivo.

E, mentres seguimos traballando por aliviar a presión fiscal de todos os cidadáns, pero tamén das pemes e dos autónomos en Galicia, vostede acaba de mencionar, por poñer un exemplo, o programa de cota cero, que mantén o seu esforzo investidor para este ano 2025 e que o Bloque Nacionalista Galego chegou aquí nesta Cámara nalgún

momento a tachar de fogos de artificio, en materia de presión fiscal veñen curvas da man do Goberno estatal en materia de impostos para todas as empresas e para todos os autónomos galegos.

E, señor Alfonzo, os autónomos galegos tamén son os comercios. Vostede di que fan falta medidas para os comercios. Pois a presión fiscal a que os está a someter o Goberno de España non é desde logo a mellor medida para axudarlles a que saian adiante.

Mire, en cinco anos houbo 81 axustes en materia fiscal. Deses 81, 19 foron incrementos de cotizacións sociais que afectan tanto a empresas como a traballadores. En cinco anos subiuse ata en seis ocasións a base mínima e catro veces a base máxima de cotizacións sociais. E todos os anos incrementáronse as cotas de autónomos someténdoos a unha asfixia sen precedentes no noso país.

Miren, fíxense a paradoxo: España lidera o número de desempregados de Europa, pero, pola contra, as cotizacións á Seguridade Social por parte dun empregador en España supoñen un 30 % do salario bruto en España; no resto de Europa a media sitúase nun 21 %. Eu creo que iso dá bastante conta do que estamos a facer no noso país para destruír emprego en vez de para crealo. E para o ano 2025 veñen polo camiño moitas máis subidas.

E isto dende o Grupo do Partido Popular entendemos que é negativo e que afecta negativamente á creación do emprego no noso país por varias razóns, porque se unha peme ten que pagar máis en cotizacións por cada empregado, vai reducir o seu número de empregados ou directamente non vai contratar máis traballadores, vai evitar incrementar a súa plantilla.

E isto non é algo que estea dicindo esta deputada do Partido Popular, isto é algo que se oe na rúa todos os días.

Con maiores cargas sociais as empresas, especialmente as pequenas e medianas empresas, e os autónomos maioritarios en Galicia van perder competitividade e van frear o seu investimento. Van contratar menos, pero tampouco van ter marxe para innovar, tampouco van ter marxe para investir en formación, nin para expandirse, nin para poñer en marcha novos proxectos. E, reitero, son mensaxes que nos está mandando a rúa, que nos están mandando as pemes e que nos están mandando os autónomos galegos.

Isto está a empezar a xerar moita preocupación en moitos sectores e podería chegar a frear o dinamismo do noso mercado laboral en Galicia.

E dígolle que está na rúa, pero os propios autónomos o din. Tamén é desta semana pasada a noticia: Los autónomos con empleados a cargo caen al mínimo en los últimos ocho años espantados por el alta de cotizaciones. Estámolos a espantar desde o Goberno estatal, iso é o que estamos a facer cos traballadores autónomos.

Pero tamén nos preocupa que se estea a vender un relato diferente ao que está a acontecer na realidade, porque a pesar da radiografía da situación a nivel estatal, tamén a semana pasada coñeciamos esta noticia: Pedro Sánchez destaca los datos formidables y afirma que España está más cerca del pleno empleo. Home, eu non sei, a ver se atopo a que utilicei hai un momento; pero que lideremos o desemprego na Unión Europea é incompatible con...

A **presidenta (Presas Bergantiños):** Ten que ir concluíndo, señora Pérez.

A **señora Pérez López**: ...afirmar que España está cerca do pleno emprego.

—Remato xa, señora presidenta. Solo un minuto—.

Dicía que é un problema que non sexamos quen de recoñecer o que está a acontecer no noso país e que sigamos a intentar tapar o dedo cun sol, porque mentres non o recoñezamos non imos poder poñer as medidas adecuadas para abordar o problema que temos hoxe encima da mesa. E este vai seguir sen resolverse e salpicando ás comunidades autónomas.

—Remato xa, presidenta—.

Eu quero agradecerlle ao conselleiro que nos dese esas principais liñas da súa consellería, e creo que despois de escoitalo podemos afirmar con rotundidade que, ademais de ser prudentes e realistas, sobre todo temos uns orzamentos coherentes cos obxectivos que se perseguen en materia de emprego, de comercio e de emigración en Galicia.

Os datos indican que Galicia vai polo bo camiño... (Pronúncianse palabras que non se perciben.) —remato xa— ...e que, a pesar de que queda moito por facer, temos que seguir avanzando. E eu creo que estes orzamentos que nos acaban de expoñer van a permitirnos conseguilo.

Máis nada e moitas grazas.

A **presidenta (Presas Bergantiños):** Moitas grazas, señora Pérez.

Pasamos agora á nova quenda do Goberno galego.

Cando queira, señor González, ten unha quenda flexible de dez minutos para dar resposta ás inquedanzas dos grupos.

O **conselleiro de Emprego, Comercio e Emigración (González Vázquez):** Moitas grazas, señora presidenta.

Ben, eu vou continuar coa miña folla de ruta falando, por suposto, de comercio e de emigración. Que agardo tamén que teñen algunhas verbas polo menos para emigración na súa quenda.

Esquecéuseme tamén dicir que, home, tiña pensado falar dos organismos que dependen da consellería, señor Alfonzo, entre outros, o Issga. Agora lle comentarei tamén o que temos nos orzamentos ao respecto.

Comercio. Ben, falamos dun sector moi importante, 24.000 comercios en Galicia, 107.000 postos de traballo. Eu creo que estamos a falar duns números relevantes, señor Alfonzo, Galicia Calidade recórdolle que non está na consellería que temos agora, nesta nova estrutura e, polo tanto, se quita o orzamento de Galicia Calidade verá como soben os orzamentos da Dirección Xeral de Comercio, ademais da importantísima estrutura coa que dotamos a esa Dirección Xeral, como lle dixen na miña comparecencia do mes de maio, pero non deberon prestar moita atención. Para nós o comercio, dende logo, é fundamental, é estratéxico —si, señoría—, é estratéxico. E, polo tanto, o primeiro que temos que falar, ademais de falar cos políticos que é bastante común que falemos —ás veces de máis— é falar co sector.

Vostede pode preguntar porque hai asociacións de todos os perfís políticos, se non temos falado con todos os que compoñen o sector do comercio. Está aquí o director xeral que leva feito moitas reunións con asociacións, con confederacións, con centros comerciais abertos, con cámaras de comercio, con todo aquel que ten algo que dicir no ámbito do comercio así o estamos escoitando. Por certo, algo no que sempre nos di o Bloque que temos que incidir, na participación pública; que é o que estamos facendo para poder facer unha estratexia do comercio galego 2025-2030 o máis colaborativa posible.

Polo tanto, teñan un pouquiño de paciencia porque non podemos escribir sen antes escoitar. Entón cando rematemos o proceso de escoita, escribiremos entre todos esa estratexia do comercio no que, como digo, consideraremos o comercio polo miúdo un elemento fulcral da nosa sociedade, da vida das nosas vilas e das nosas cidades e, polo tanto, sabendo que ten inimigos moi fortes, vamos loitar por mantelo.

Nós temos algunha idea, ¡eh! Tamén os do PP ás veces pensamos, ¿sabe o que lle quero dicir? Algo poderemos pensar, pero ben, estamos, por suposto, a carón de todo o que queiran aportar. Tamén os do Bloque e os do PSdeG. E, señor Ojea, o único que non pense só nos comerciantes de Ourense, se pode aportar algo para o comercio de Galicia agradecémosllo tamén.

Nese ámbito, é dicir que mantemos mentres non temos a estratexia cara adiante, as axudas para a transformación dixital e a modernización do sector comercial e artesanal, 4 millóns de euros e tamén as actuacións para ese momento de plans formativos nese sector comercial.

Pero, ademais, unha das cousas que si lle adianto que temos pensado poñer en marcha a través desta estratexia, é o mapa do comercio de Galicia para ser capaces de localizalos.

E despois hai dúas cousas que nos ocupan e nos preocupan bastante no tema do comercio.

A primeira, as prazas de abastos, que para nós cumpren un papel fundamental nese tecido comercial e na necesidade de desenvolvelo o máximo posible. E nós queremos prazas de abastos que sexan mercados excelentes. Tampouco mo poderán criticar moito, señorías do Bloque, porque é o que din sempre, que tiremos cara mercados excelentes dun xeito integral. Vámolo intentar. E, polo tanto, temos este ano moi boas novas en relación coa orde de mercados excelentes, na que houbo moi boa participación por parte dos concellos, e imos dedicar un esforzo importante ás prazas de abastos.

Aproveito para dicirlle, señorías do PSdeG, que sería importante tamén que eses fondos MRR, que non foron capaces de investir porque ían directamente aos concellos —eu non me quero meter cos concellos que elixiron, pero moitos do meu partido non eran, ¡eh!—, sería bo que se puxesen de acordo ou que nos intentaran botar unha man, para que eses cartos viñeran a Galicia da man tamén da Administración autonómica e dos propios concellos. Porque as prazas de abastos requiren do traballo da Administración autonómica, pero tamén dos concellos. Hai que falar de aparcadoiros disuasorios, hai que falar de direccións nas calles que están ao redor, hai que falar de moitas cousas que inciden tamén na Administración municipal e refírome tamén a concellos do Bloque e concellos da oposición nos que, efectivamente, se fixeron esas cousas en conxunto e así o queremos facer.

Polo tanto, tamén dicirlle que, home, esqueceuse dunha partida especificamente posta e que vostede coñece ben, que é a da praza de abastos de Ourense. Un millón de euros consignado nominativamente para a praza de abastos.

Eu o único que agardo é que Democracia Ourensana e o seu presidente teñan a ben firmar un protocolo que temos xa falado e refalado dende hai bastante tempo, para que canto antes poidamos todos poñernos como obxectivo e ese obxectivo que temos é a abrir esa praza canto antes.

E non quero entrar, de verdade, señor Ojea, en disquisición ningunha ao respecto. Recorde que eu teño a quenda de peche, co cal se me dá, volvereille dicir o mesmo; pero hai a máxima vontade deste conselleiro, desta consellería e do Goberno galego para abrir a praza de abastos número 1 de Ourense canto antes, nas mellores condicións posibles para os comerciantes e, por suposto, tamén para os usuarios da praza. E vamos nese concepto de mercado excelente que creo que debemos apoiar todos. E teño que dicir que o traballo feito ata o de agora por parte do Concello é sumamente favorable para poder facer ese esforzo. Digo simplemente nos falta firmar o protocolo.

Vamos apostar tamén por outras prazas de abastos cun orzamento total, señorías, de 6,8 millóns de euros.

Hai outro tema en comercio que a min me interesa bastante destacar, a min polo menos preocúpame —eu pensaba que viñamos falar diso aquí—, preocúpame moito o comercio nas cabeceiras de comarca. Eu creo que aí si temos unha dificultade importante, non digo que nas cidades non haxa problemas non. E, señor Ojea, hai bastantes cabeceiras de comarca en Ourense tamén, por iso o digo. Ademais vou falar dun proxecto piloto que vai ser na provincia de Ourense, desculpándome os deputados do resto de provincias.

Dicía que as cidades teñen as súas dinámicas, pero as cabeceiras de comarca si que asistimos os que somos de comarcas, e eu son como saben da comarca do Ribeiro. Antes púñao vostede en dúbida. Eu son por parte de padre e de madre de Ourense, e polos oito apelidos son de Ourense tamén. Ou sexa, non podo negar a miña ourensanía, para que non sexa vostede solo defensor da ourensanía. Pero xa sabe que é un concepto da Deputación ..., pero, en fin, somos todos ourensáns. Aquí defendendo dixeramos a nosa provincia tamén. Eu, por suposto, defende as catro provincias, só faltaría.

Pero, ben, dentro do emprendemento no territorio é certo que hai partes do territorio nos que hai que prestar máis atención a iso, por iso m chocan bastante as... —Permítame que lle vaia contestando así, porque é que senón non falo tamén de comercio—. Chócanme bastante as súas cifras porque no Excell que temos nós desde logo é unha cifra superior, que aínda así nos parece pequena, pero non é o 7 %. Eu comprométomelle aquí a respostarlle. Temos unha cifra do 12,19 %, que digo que aínda así é menor, estábame explicando o secretario xeral técnico que é probablemente por un tema de centros directivos. Pero, en todo caso, aclarareillo.

Ben, nós imos poñer en marcha un proxecto de dinamización das cabeceiras de comarca e non teño prendas en dicir que hai cabeceiras de comarca que o están facendo ben, por exemplo, Allariz pode ser un exemplo disto, que se chama Vilas Vivas.

E vamos facer este piloto, está nos orzamentos, imos comezar na vila de Ribadavia. É o Ribeiro, pero Ourense tamén, é unha vila que ademais foi un referente comercial e que hoxe para que se fagan unha idea nas súas zonas importantes, ten practicamente todos os locais comerciais cerrados. Pero é que ademais é unha vila a escasos 60 minutos de Santiago capital, a unhas tres horas de Madrid en AVE, se é que o ministro Puente mellora o tema do AVE, pero ben, en principio estamos a tres horas; e que ímolo ligar a comercio efímero, potenciando, por suposto, o comercio local, pero que faga unha experiencia de compra en todos os sentidos, é dicir, unha actuación transversal na que o que pretendemos é dinamizar o comercio nas cabeceiras de comarca. Se nos saíra ben, estenderémolo a máis cabeceiras de comarca nas catro provincias. Digo para que non se preocupen os que son das outras provincias, non só o imos facer en Ourense.

Gustaríame tamén dicirlle que imos manter, por suposto o Bono Activa Comercio supoño non terá moita crítica, porque é moi aceptado e moi valorado, e ademais había outras administracións que así o aplicaron tamén; dotado con 5 millóns de euros.

E a outra pata na que imos facer unha aposta importante, porque nos parece que é fundamental neste eido, e ademais son comerciantes tamén, forman parte do sector do comercio é a Fundación Artesanía de Galicia, que sobe un 14 % dos seus orzamentos. E, polo tanto, imos seguir facendo un apoio importante a esa parte tamén tan transcendente do noso comercio que son os nosos artesáns.

Bloque terceiro, non pode ser doutro xeito, emigración. E eu teño que dicir aquí como declaración de principios tamén, que para min é unha parte importantísima da miña acción de goberno, da acción de goberno desta consellería. E nós queremos ligar a inmigración tamén a esa contribución. Nós temos unha débeda de gratitude con aqueles que se tiveron que ir e parte desa débeda podémola pagar tamén dándolle as mellores condicións para que retornen. Por suposto, respectando que se se queren quedar no seu país de orixe que se queden, pero, se queren volver, que teñan as mellores facilidades. E en Galicia disto deberiamos presumir todos aquí. Eu vamos, con independencia de que sexa o PP o que o descubriu, pero é que a estratexia Retorna é a historia dun éxito, é a historia do recoñecemento por calquera comunidade autónoma que miran ao espello de Galicia, de como estamos facendo as cousas en relación coa emigración.

Eu teño que dicir que me sinto francamente ilusionado e emocionado con moitos dos programas que estamos facendo aquí. Sen ir máis lonxe Reencontros, o Programa Reencontros, xente de máis de 65 anos que leva máis de cinco anos fóra. Tivemos xente que igual levaba 40 ou 50 anos sen vir aquí, que poden vir grazas ao esforzo de todos os galegos e galegas, incluídos todos os que estamos aquí, que pagamos cos nosos impostos este tipo de programas.

Pero me parece especialmente relevante darlle unha oportunidade aos descendentes de emigrantes que tamén son galegos no exterior, para que volvan aquí vinculados a un posto de traballo; e, se queren emprender, tamén por suposto.

E aí temos o Retorna Cualifica Emprego. Non lle prestaron ningunha atención. Eu voulle pedir, voulle pedir que entre todos realicemos aportacións para ver se sae ben o que pretendemos. Se vén un retornado ten que vir nas mellores condicións de vida para ter aquí o seu proxecto de vida. Pensemos nun home ou nova muller entre 30 e 40 anos con dous fillos pequenos. Teñen que vir aquí e a miña maior preocupación é que veñan cubrindo as súas necesidades básicas, que creo que isto debe ser relevante que poidamos discutilo. Nós poñemos enriba da mesa unha axuda que vai ter dous millóns de euros en orde bianual, para a rehabilitación de vivendas no territorio, de rehabilitación de vivendas no territorio daqueles que vaian ter postos de traballo e que sexan retornados. Estas liñas van ir orientadas ás empresas, pero non a empresas das cidades solo, van ir orientados a empresas en todo o territorio.

Por unha banda, apostamos pola rehabilitación de vivendas; por outra banda, apostamos porque esa rehabilitación de vivendas se faga para a xente que vén con traballo, e ademais que vén, dixeramos con toda a súa familia.

Aproveito aquí para pedir que sería bo que aqueles cónxuxes destes que veñen que non teñan a nacionalidade española, que tiveran maiores facilidades para poder desenvolver aquí tamén o seu traballo, para poder traballar aquí.

E, se queren emprender, imos seguir apoiando o fomento do autoemprego cun orzamento este ano de un millón de euros no programa de Mentoring.

Tamén dicirlles que mantemos as achegas extraordinarias ao retorno, este ano subímolas un 15 %, a 2,3 millóns de euros. Aquí tampouco... dentro de que poden criticar, tamén podían recoñecer que fixemos un esforzo importante nesta materia de emigración.

Outro programa que me parece extraordinario dende un punto de vista de atracción de talentos son as becas BEME. Pagamos os postgraos, xa llo dixen antes, de galegos no exterior, galegos e galegas que queren vir aquí. Tamén subimos este ano o orzamento a 2,75 millóns de euros. E ademais imos becar tamén os graos aquí. O que queremos é que ese talento se veña e ademais que sexa talento con arraigo, como non pode ser doutro xeito, no caso de que falamos destes descendentes de emigrantes galegos.

—Vou rematando, señora presidenta—.

Por suposto, apostamos por manter as axudas a todas as entidades galegas no exterior. Quero resaltar que vamos a ligar esas axudas ao reforzo da nosa cultura e tamén, señor Alfonzo, da nosa lingua e tamén os nosos produtos no exterior. Incrementamos o orzamento neste ámbito ata chegar aos 3,2 millóns de euros.

E outra liña que me parece absolutamente extraordinaria, que con cartos dos impostos dos galegos podamos manter axudas económicas individuais en emerxencia social para residentes no exterior, que hai casos certamente dramáticos, 4 millóns de euros.

E, por suposto, as axudas ás entidades con 2,6 millóns de euros.

Finalizo xa. Por suposto a sinistralidade, cando queiran falamos de sinistralidade, pero falamos tamén de absentismo laboral. Porque deberiamos ter aquí ningún tipo de... Si, non se ría, home, que apodemos falar das dúas cousas e ademais podemos seguir serios, tampouco pasa nada. (Pronúncianse palabras que non se perciben.)

A **presidenta (Presas Bergantiños):** Non se interrompan.

O **conselleiro de Emprego, Comercio e Emigración (González Vázquez):** Ben, digo que no meu turno de palabra pódolle pedir que non se ría, pero non pasa nada. Vostede faga o que lle pareza.

Digo, en todo caso, en materia de sinistralidade contamos cunha entidade que creo que é un referente a nivel nacional, o Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia, que ten un total este ano de 7 millóns de euros, pero a maiores temos 2,9 millóns de euros en prevención de riscos laborais.

Pero tamén temos unha estratexia de seguridade e saúde no traballo en Galicia, que foi aprobada en 2023 e que estamos implementando.

O Instituto Galego de Competencia e Consumo, 7,4 millóns de euros, e o Consello Galego de Relacións Laborais con 1,4 millóns de euros.

Simplemente dicirlle, unha cuestión máis —e remato xa agora— que isto é unha comparecencia de orzamentos, non é unha comparecencia de cifras e estatísticas laborais. E as estatísticas laborais, xa llo dixen na miña comparecencia de maio, se poden utilizar en calquera sentido. Eu podo dar os mesmos datos que deron vostedes totalmente positivos, pero, en todo caso, dicíndolle tamén aos membros do Partido Socialista que me expliquen entón como o ministro de Economía conta as noticias que conta. Porque Galicia tamén forma parte de España cando damos eses datos. E me choca bastante que o Bloque utilice para criticar á Xunta os datos de Galicia, en contraposición cos do Estado. Ben, se é malo o Estado, é malo para todo.

Señora Dacosta, na taxa de actividade...

A **presidenta (Presas Bergantiños):** Ten que ir concluíndo, señor González.

O **conselleiro de Emprego, Comercio e Emigración (González Vázquez):**): —Si, si—.

Na taxa de actividade, utilice outra taxa. Porque a taxa de actividade sabe que ten como denominador os maiores de 16 anos. Claro, que me compare Baleares con Ourense, tendo en conta que no denominador están tamén maiores de 65 anos. ¿A que xogamos? Ou queremos que a xente viva moitos anos ou queremos mellorar a taxa. Entón, eu lle pediría que neste tema pois sexamos coherentes.

E remato. Se queremos una comparecencia só de cifras do mercado laboral, pido eu unha comparecencia e falamos —seguro que van divertir todos un montón—, pero falamos de estatísticas laborais. Pediría que aquí falemos —se lles parece vamos, fagan o que lles pete—, dos orzamentos.

Moitas grazas.

A **presidenta (Presas Bergantiños):** Moitas grazas, señor González.

Pasamos agora de novo á quenda dos grupos parlamentarios. A comezar polo portavoz do Grupo Mixto. Señor Ojea, ten a palabra por cinco minutos.

O **señor Ojea Bouzo**: Grazas, presidenta.

Ben, señor conselleiro, vostede na primeira intervención dixo que deixaba o tema da emigración para a segunda parte, por iso eu tampouco falei nada de migración. Eu son rigoroso no que me din.

Volvendo á provincia de Ourense, ten o maior índice de emigración. Teño aquí o dato: 4,9 % da poboación, mentres que na Coruña só hai un 3,8 %. Entón entenderiamos que o reparto dos orzamentos tamén debería estar sesgado a favor da provincia de Ourense, tendo en conta que é a provincia con máis emigrantes por razóns obvias. Sabemos que é a provincia con menos desenvolvemento industrial, comercial, etcétera.

A min paréceme o (non se entende) de todas as medidas que se tomen para o retorno dos emigrantes, sobre todo, aqueles cuxos avós ou pais se marcharon fai anos para Arxentina, para Uruguai, para México... Pode ser unha táboa de salvación, sobre todo nas partes despoboadas da autonomía, como é a provincia de Ourense, ademais todos eses inmigrantes, unha inmensa maioría proceden precisamente da provincia de Ourense. A provincia de Ourense foi unha das provincias que máis aportou á emigración xa ao principio á Habana e despois a Arxentina, etcétera. Moitos deles... vostedes saben que na provincia de Ourense, como tiñan que viaxar ata a Coruña e ata Vigo para comprar e coller os barcos, moitos deixaban o orzamento que tiñan, deixábano polo camiño; porque as navieiras e as casas de comidas e todo tiñan, e os autobuses de transporte, tiñan sincronizada a cousa para que se o autobús recollía á xente o xoves e o barco saía o luns para que tivesen que estar alí deixando na Coruña os cartiños nas fondas e nos hoteis ¿non? Pero esa é unha historia que... A min contáronma en primeira persoa persoas que marcharon a Cuba e despois tiñan que marchar de polizóns, e por iso non coinciden as estatísticas do que chegou alí, co que saía de aquí. Porque, claro, alí entraban máis xente da que figuraba aquí no rexistro de saída dos barcos.

Efectivamente, ademais é unha xente que soe ser, o que dicía antes, de alto perfil emprendedor. Todos sabemos que a inmensa maioría dos emigrantes galegos para Sudamérica non ían precisamente buscando un choio nas administracións públicas. A maioría deles ían na busca de oportunidades que soamente encontraban instaurando empresas privadas, fomentando o emprendemento, que, por certo, alí ao mellor non era tan común.

Entón ben, coñecemos de sobra o perfil desa clase de persoas e seguramente veñen a crear riqueza e veñen a crear postos de traballo, e veñen con esas ganas. Sobre

todo porque nalgúns casos foxen de países nos que esa clase de actividades ao mellor non está moi ben vista, e non fai falta que diga detalles.

Loxicamente xa que se nomeou, parece ser un problema para o galego. Mire, xa por facer soamente historia. O tópico de que o galego só vale para Galicia, que non vale para andar polo mundo é unha realidade histórica. Fomentárono moitas veces os emigrantes de principios do século XX que emigraban a América. Volvían cunha acción moi filantrópica, saben que volvían e pagaban nas súas aldeas e nos seus pobos de nacemento, pagaban a construción de escolas e financiaban as clases. Pero dicían que lle ensinasen aos rapaces en castelán, porque xa os formaban pensando en que ían emigrar tamén como a eles á América e entón dicíanlle que lles ensinaran o castelán, coa mellor das intencións naquel momento seguramente.

Quero dicir que temos que ter en conta moitas veces tamén a historia e ao mellor, non sei, con eses coñecementos sobre a súa maneira de pensar, podemos tomar mellores decisións.

E no que se refire ao comercio, efectivamente, no tema da praza de abastos de Ourense prefiro non entrar, porque igual me quento e entón imos deixar que acabe a cousa toda ben e despois a posteriori, a toro pasado igual facemos unha análise sosegada. Xa que acabe o tema e xa falaremos despois.

A **presidenta (Presas Bergantiños):** Falando de acabar o tema, señor Ojea, cando poida.

O **señor Ojea Bouzo**: —Vou rematando—.

Ben, veña, eu cíngome ao tempo newtoniano e non ao tempo relativista que se estira, ¡ala! (Risos.)

A **presidenta (Presas Bergantiños):** Moitas grazas, señor Ojea.

Pasamos agora á quenda dos socialistas de Galicia. Señora Dacosta, cando queira.

A **señora Rodríguez Dacosta**: Grazas, presidenta.

Permítame, señor conselleiro, dicirlle que se pasou de freada e poderá escoitar o vídeo, pero parecía mesmo unha ameaza. Dixo: Falemos de sinistralidade laboral, pero falemos tamén de absentismo. A gravidade desta frase é absoluta. Véselles o plumeiro ao Partido Popular, non lle preocupan as mortes por accidentes, pero si as baixas que emite a propia consellería e o Sergas obviamente. Pero ben, xa falaremos diso, de sinistralidade.

Señora Pérez, en relación aos presupostos, falou máis dos presupostos de Madrid que dos galegos. Pero mire, recórdolle o seguinte: Montoro prorrogaba os

orzamentos durante varios anos. Votaron vostedes tres veces en contra da senda de estabilidade orzamentaria que nos vai prexudicar a Galicia. Diso non dixo nada. España crece seis veces menos que o resto do Estado. Tampouco dixo nada disto. Eu creo, conselleiro, que podemos dar cifras, cifras para contextualizar a situación do mercado laboral e as medidas a adaptar nos orzamentos que desexa este grupo parlamentario. Pero parece que falar de cifras non lle interesa. 38.600 fogares con, polo menos, unha persoa activa e con todos os membros en paro. Esas son as cifras.

En relación ao comercio e en relación á praza de abastos si que queremos dende o Partido Socialista de Galicia agradecer esa partida que vén adicada, despois da loita polos praceiros, tamén polas peticións deste grupo parlamentario e neste caso felicitar tamén ao director xeral de Comercio por esa implicación nesa partida e a seguir traballando sobre esa Praza de Abastos e seguir continuando para a consecución definitiva das obras.

En relación ao comercio, o Partido Popular debería apostar claramente polo comercio, conselleiro. Na presentación falan do orzamento máis elevado da historia e sempre cun orzamento de 13.000 millóns, un aumento do 6,25 % dos orzamentos xerais da Xunta de Galicia. E, pola contra, a partida adica ao comercio como se reduce un 0,75. A partida 751.A ordenación, regulación e promoción do comercio interior de Galicia, pasa de 21.891.000 a 21.727.000. E, lonxe de igualar a subida do orzamento, sofre unha mingua, o que reflicte a falta de compromiso da Xunta co sector.

Na memoria dos orzamentos fálase de innovación, de transformación dixital, de modernización do sector, de mellorar a competitividade e a dinamización do comercio galego, de transformación sostible, de economía circular, de formación para o sector comercial e artesanal, de relevo xeracional, que creo que é un tema importantísimo en toda Galicia; é toda unha declaración de intencións, pero, se non van acompasadas de partidas do orzamento, se quedarán en intencións non cumpridas pola falta de compromiso da Xunta de Galicia.

Os cambios que se están a producir no mercado pois son moitos. En Ourense vemos como se pechan continuamente comercios día tras día, no resto de cidades galegas tamén. E necesítase reactivar a actividade comercial e adaptala a estes cambios. O Partido Popular perde neste momento unha oportunidade a través dos orzamentos de amosar o seu compromiso e apoio co comercio.

A redución da partida para este orzamento poderá afectar ao sector por falta de apoio financeiro, limitando a súa capacidade para innovar, para mellorar as súas infraestruturas, producindo unha redución de emprego e, polo tanto, un descenso da actividade económica.

E tampouco se aplica un enfoque na equidade ás zonas rurais que nos preocupan, tamén ao Partido Popular parece, porque nesta interparlamentaria que se celebraba en Ourense esta semana se dicía que esa era a aposta do Partido Popular: a zona

rural. Se volve ser a que tiveron fai catro anos coa a lexislatura do rural, pois estamos apañados.

En relación aos emigrantes retornados, a verdade é que temos moi pouco tempo. Tamén queremos pedirlle que as bolsas que realizan aos cooperantes sexan polo menos de máis do salario mínimo interprofesional.

E tamén, conselleiro, que se reunía coa secretaria Xeral falando dos retornados de Suíza, que teñen supostamente obstáculos estatais para acceder á cobertura sanitaria universal no noso país —xa termino, presidenta—, preguntarlle se os retornados, o resto dos retornados de Europa que non perciben ningunha pensión española, ¿que pretenden facer neste caso?

Nada máis pola miña parte. Temos que loitar por unha Galicia que teña un emprego de calidade, o comercio en relación a esta circunstancia é moi importante.

A **presidenta (Presas Bergantiños):** Ten que ir rematando.

A **señora Rodríguez Dacosta**: Si, si, e xa remato.

Nada máis pola miña parte.

A **presidenta (Presas Bergantiños):** Moitas grazas, señora Dacosta.

Pasamos agora á quenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego. Señor Fernández.

O **señor Fernández Alfonzo**: Obrigado, señora presidenta.

Señor conselleiro, eu pediríalle que non se poña vostede á defensiva. O ton en xeral desta comisión está sendo exquisito e estaría ben que non converta vostede isto nun monólogo; nun monólogo, que responde a algunha das cuestións que lle estamos plantexando.

Dixo vostede que pode contar os mesmos datos, pero ao revés. Se non apuntei mal, esta é a súa frase textual: Podo contar os mesmos datos, pero ao revés. Señor conselleiro, non, sinto dicirlle que non pode contar os mesmos datos, pero ao revés. Eu deille unha serie de datos que son oficiais e non pode darlles a volta. Ademais, eu non neguei que en Galiza aumenten as afiliacións á Seguridade Social. Dixen aumentan seis e pico. No Estado español aumentan oito e tanto. Aumentan os contratos indefinidos. Eu iso non o neguei. Gustaríame saber se o conselleiro de Emprego ten algunha explicación sobre a causa que motiva este ritmo diferente de creación de emprego e de combate da eventualidade.

Na súa primeira intervención non dixo nada ao respecto, na segunda tampouco, pediríalle a ver se, por fin, na terceira pode facelo.

En canto á sinistralidade. Voulle facer outra petición. Antes de falar de sinistralidade respire fondo tres veces. Porque ese ton, esa adversativa: «si, pero imos falar tamén»; e ese xesto delata cuestións que non lle conveñen a ninguén. Porque vostede non é un representante empresarial, e vostede acaba de reaccionar como un representante patronal malo. Como un representante patronal malo, con esa adversativa «pero vamos falar...». Iso xa delata o que opina vostede do absentismo para empezar, e despois vincular unha cuestión á outra, que non ten sentido ningún. E é moi importante que vostede, que é o conselleiro de Emprego e que é a autoridade laboral neste país, e que é o responsable de que se cumpra a normativa laboral, teña isto moi claro, teña isto moi claro. E estaría ben que dixese algo ao respecto dunha cuestión que calquera que se mova no mundo da prevención sabe e que eu lle plantexei. Que é que a prevención na maior parte dos casos é simplemente formal, é un requisito formal. Son sistemas de prevención que nada máis que funcionan ou en moitos casos funcionan nada máis que para agochar unha responsabilidade. E desgraciadamente hai casos que o demostran todos os días.

E voulle poñer un exemplo. Hai poucas semanas morreron 2 traballadores nun estaleiro de Ferrol. Vostede colla a Voz de Galicia dun día despois e vexa as declaracións da persoa responsable, do propietario dese estaleiro. O que di o propietario —que non sei nin como se atreveu a contestar ás preguntas da xornalista—, e di textualmente: “Revisei os papeis e tiñan a formación. Non entendo o que puido pasar aí”. Aí ten a explicación ao accidente. E cousas así pasan todos os días en multitude de empresas. Papeis e cursos, papeis e cursos.

Eu díxenllo na miña primeira intervención e xa llo dixen tamén na súa comparecencia que vostede di, fixo referencia antes. Hai un problema coa prevención e é que en moitos casos é meramente formal e coa igualdade está pasando o mesmo. E eu pregúntolle, ¿señor conselleiro, que vai facer vostede para que iso se transforme nunha realidade tanxíbel nas empresas?

E, por favor —insisto— respire tres veces antes de contestar.

Máis nada e obrigado.

A **presidenta (Presas Bergantiños):** Moitas grazas, señor Fernández.

Pasamos agora á quenda do Grupo Parlamentario dos Populares de Galicia, señora Pérez.

A **señora Pérez López**: Moitas grazas, presidenta, de novo.

A min o certo é que me resulta sorprendente que en materia de emprego tanto o Partido Socialista como o Bloque Nacionalista Galego, incluso o Grupo Mixto, queiran

dar lecciónns ao Goberno galego. Sobre todo porque, como dicía na miña primeira intervención, son demasiadas as trabas que están a chegar ao mercado laboral galego e que dependen do Goberno estatal.

Eu, señora Dacosta, non falei para nada dos orzamentos do Estado. Como ía falar dos orzamentos do Estado se en realidade, se non os hai. É que non temos orzamentos no Estado.

O pasado ano o señor Sánchez priorizou a amnistía e priorizou as eleccións de Cataluña, á aprobación duns orzamentos que deran estabilidade aos cidadáns, e o que dixen é que todo se prevía, que para o 2025 iamos seguir igual. E o que nos preocupaba ao Grupo Parlamentario Popular é que esa falta de orzamentos do señor Sánchez puidese lastrar o crecemento do mercado laboral galego, porque hai moitas medidas que dependen do Goberno estatal.

Mire, dicía vostede que se estaban a pechar moitos comercios. Pero, que eu saiba, os comerciantes son autónomos. Eu lle ensinei isto hai un momento. É que os propios autónomos din que están espantados pola alta de cotizacións. ¿Como non se vai pechar os comercios? ¿Pero non será responsabilidade da Xunta de Galicia?

Señor Ojea, é que non o podo deixar pasar de verdade, intenteino, pero non dou. Eu inclínome máis —vostede falaba da intencionalidade consciente e inconsciente—, eu inclínome máis pola intencionalidade consciente nas súas cifras e nas súas reflexións. Porque é que non hai forma de sacar un 7 % de ningún sitio, a non ser que a alguén lle interese poñelo encima da mesa para despois poñelo en bucle nalgunha rede social ou nalgunha televisión; ou para seguir vivindo un tempo dese conto da Cincenta ao que lle queren sacar tanto rédito.

Pero, mire, eu voulle facer unha pregunta. Eu pregúntome ademais das actuacións propias do Goberno galego e do resto de administracións para impulsar as políticas de emprego, nas iniciativas de emprego do Goberno galego ligadas ás entidades locais, ¿onde está o Concello de Ourense, señor Ojea? De festa. Nós estamos todo o ano de festa. Despois acórdanos o emprego cando temos que vir a falar de orzamentos aquí o Parlamento. Porque as axudas... falemos de axudas da área de emprego en Ourense. Axudas para a contratación de perceptores da Risga, as persoas que máis o necesitan. Non as pediron, señor Ojea, non as pediron nin no 2022 nin no 2024, pedírano no 2023, 20 persoas e 7 nin sequera chegaron a contratar e tiveron que devolver os cartos ao Goberno galego.

Axudas para crear postos de traballo para as persoas máis desfavorecidas do Goberno galego, 800.000 euros para Ourense, que non se chegaron a pedir por parte do Concello de Ourense. Ou o famoso apoio ao comercio, que foi un éxito total e rotundo nos periódicos, pero despois devolvemos os dous millóns de euros.

Con iso quero dicir que é unha cousa é predicar e outra dar trigo, e que aquí un non pode dicir e o papel o aguanta todo, pero outra cousa diferente é gobernar.

Eu, remato xa, presidenta.

Eu creo que o que está a acontecer no mercado laboral galego é o sino de anos priorizando por parte do Goberno galego, políticas orientadas a un crecemento sostido, como é o crecemento que traemos para este 2025 e a modernización do mercado laboral galego.

E, polo que puidemos ver hoxe despois de comparecer o conselleiro, seguimos nesa liña. Incidía en seguir modernizando o sistema público de emprego e nesa necesidade de sincronizar a oferta e a demanda a través da ferramenta EMI. Que o que fai é casar as necesidades das persoas que precisan dunha empregabilidade, coas necesidades das empresas e que nestes momentos esas vacantes están a dificultar a competitividade de moitas empresas e de moitas pemes galegas.

E eu creo, por suposto, que todos temos que felicitarnos por ese recoñecemento que nos van facer, porque non llo van facer á Xunta de Galicia, vanllo facer a todas as galegas e aos galegos e diso temos que sentirnos orgullosos.

O éxito tamén das políticas de emprego en Galicia radican na formación. A min paréceme importantísimo 72 millóns de euros para que no ano 2025 tanto as persoas empregadas como desempregadas poidan seguirse formando, e esa aposta que vai facer a consellería por esa flexibilización da formación para o emprego, que vai axudar a mellorar a empregabilidade de moitas galegas e de moitos galegos, pero tamén a moita xente estranxeira que quere vir a traballar a Galicia.

A **presidenta (Presas Bergantiños):** Ten que ir rematando, señora Pérez.

A **señora Pérez López**: —Remato xa, señora presidenta—.

E, desde logo, e dicíao o conselleiro hai un momento, a aposta polo traballo autónomo e o emprendemento, o Goberno galego está a dar un paso importante neste eido, pero tamén é moi importante o que vostede dicía, señor conselleiro: Ese esforzo conxunto e a través do diálogo constante cos distintos sectores produtivos, sindicatos, asociacións e entidades empresariais.

Eu felicítoos polo orzamento, detrás deses datos que vostede deu hoxe hai un montón de medidas e cifras; e, sobre todo, hai un impacto nas galegas e nos galegos. O vindeiro ano máis familias terán maior seguridade, maior estabilidade grazas ao apoio do Goberno galego. E cada muller...

A **presidenta (Presas Bergantiños):** Conclúa, por favor, señora Pérez.

A **señora Pérez López**: —Remato xa, señora presidenta—.

E cada muller, cada persoa moza ou cada persoa con discapacidade que atope un emprego representará un avance na construción dunha Galicia máis inclusiva e máis xusta.

Máis nada e moitas grazas.

A **presidenta (Presas Bergantiños):** Moitas grazas, señora Pérez.

Finalmente...

O **señor Ojea Bouzo**: Presidenta, pódolle pedir a palabra polo artigo 76 de alusións. Breve.

A **presidenta (Presas Bergantiños):** ... vostede estaban no debate. Ten que entender, xa leva algún tempo nesta Cámara...

O **señor Ojea Bouzo**: Pero non no debate do concello de Ourense. Eu vin...

A **presidenta (Presas Bergantiños):** Señor Ojea, nestes debates todos damos, todos recibimos. É así.

O **señor Ojea Bouzo**: Non, pero se eu estou encantando...

A **presidenta (Presas Bergantiños):** E citando...

O **señor Ojea Bouzo**: Non, eu estou encantado, pero é que ao vir aquí...

A **presidenta (Presas Bergantiños):** Vostede non ten a palabra, señor Ojea. Entón, citando por terceira vez nesta Comisión de Orzamentos no que levamos de tramitación orzamentaria ao señor presidente do Parlamento, hai que ter mandíbula de ferro tamén para ser deputado ou deputada e é o que nos toca.

Sen máis, señor conselleiro, ten de novo a palabra por un tempo flexible de cinco minutos para dar resposta ás inquedanzas dos grupos.

O **señor conselleiro de Emprego, Comercio e Emigración (González Vázquez):** Moitas grazas, señora presidenta.

Ben, eu vouno tratar de dicir cunha cara e cunha voz menos alta para que non se sinta ninguén agredido, pero dicirme, señora Dacosta, «que pasouse de freada», cando vostede me di: «Preocúpalle máis o absentismo que a morte de traballadores en accidentes de traballo», se se deu conta do que estaba dicindo e parou. E que vostede, señor Alfonzo, veña a poñer aquí en dúbida, porque fai o seu discurso tamén díxome: «Tranquilo que

isto está sendo moi tal», veña poñer en dúbida que haxa un solo empresario en Galicia que se ten un accidente laboral un dos seus traballadores, non sufra o máximo. Porque do mesmo xeito, do mesmo... Ben, vostede dixo que había o dono dun estaleiro que fixo unhas declaracións dicindo que os papeis estaban ben, como se lle ocorreu facer iso.

Eu tamén lle podo dicir que: Primeiro, os accidentes laborais mortais quen primeiro recibe, case que o primeiro que o recibe son eu a través do Issga. Sufro moitísimo con esa situación, pero tamén sofren moitísimo moitos empresarios que me chaman e que me din o que sucede cando teñen unha morte... —si, si, ríase vostede, se quere—, ...cando teñen unha morte entre os seus traballadores.

Mire, xente, xente... (Pronúncianse palabras que non se perciben.)

A **presidenta (Presas Bergantiños):** Respecten a quenda de palabra, por favor.

O **señor conselleiro de Emprego, Comercio e Emigración (González Vázquez):** Non, non, eu voulle responder.

Eu agora estou no meu turno de palabra e teño todo o dereito do mundo a dicir iso. Se vostede considera que son o representante dos empresarios, síntome moi orgulloso desta posición. ¿Como non van sufrir se hai accidentes laborais? A sinistralidade vai moito máis alá. (Murmurios.)

A **presidenta (Presas Bergantiños):** Señores deputados, respecten a quenda de intervención.

O **señor conselleiro de Emprego, Comercio e Emigración (González Vázquez):** Eu tívenmo que comer con patacas.

A sinistralidade vai moito máis alá diso que vostedes fan desde unha postura absolutamente polarizada, absolutamente polarizada.

Eu o que dicía cando falei de absentismo, dicía que hai unha mesa na que tamén están os sindicatos, non está —claro— o seu, pero, se quere estar, está invitado; que se chama o diálogo social, que se vai institucionalizar para que non haxa ningunha dúbida da importancia do diálogo social. E, señorías da oposición, nesa mesa os sindicatos acordaron coa Xunta e cos empresarios, coa representación dos empresarios, ter un grupo de traballo que se chama a Prevención de riscos laborais e, señorías, absentismo laboral. Por iso o dicía eu. Que acordamos tratar as dúas cuestións que ocupan e preocupan. E creo que aos propios sindicatos lle preocupa tamén bastante o absentismo laboral.

Agora sacar de aí que eu poño na mesma condición a sinistralidade respecto ao absentismo laboral, me parece sacar de quicio as cousas. E eu pediríalle que sexamos respectuosos eu son tremendamente respectuoso co traballador por conta allea, porque

tamén son traballador por conta allea, pero son tamén totalmente respectuoso cos empresarios que arriscan tamén os seus medios económicos para sacar adiante as súas empresas. Creo que, se estiveramos entendendo isto todos e non polarizáramos estariamos en moita mellor situación.

Ben, hai outra cuestión que nos ocupa e que poderiamos debater, pode saír na de orzamentos ou cando me toque comparecer outra vez, que é a atracción de talento, creo que é un tema importante. Como facemos para que ese talento se vén de fóra se integre o mellor posible na nosa sociedade. Creo que é importante tamén como retemos o talento, a estratexia de mocidade activa que trasladamos. E o relevo xeracional, que é un tema que nos ocupa.

E, señorías, pretender facer crítica á Xunta de Galicia dicindo que o comercio polo miúdo en Galicia sofre, é descoñecer simplemente a realidade internacional. ¿Ou Amazon só vende en Galicia? ¿Cales son os principais inimigos hoxe do comercio polo miúdo en Galicia e no resto do mundo occidental? Entón teñamos en conta esa filosofía, porque, se quere, sácolle os datos. É que estiven buscando, pero claro, como agora case non gobernan en ningunha comunidade autónoma, pero se vamos ás comunidades autónomas do PSOE... Quero dicir, enténdame ben, porque agora está gobernando o PP, non digo que cambiar as cousas inmediatamente, pero non podo sacar o dato xusto delas. Pero este é un problema que vai máis alá. E eu pediría de verdade, pídollo con total sinceridade, dende o recoñecemento de que hai por exemplo vilas nas que se fixo ben e non todas foron do partido que eu represento.

Vamos pensar entre todos como podemos conseguir revitalizar o comercio. Estamos abertos na estratexia do comercio de Galicia a escoitar aos grupos da oposición, como non podía ser doutro xeito.

Outra cuestión que tamén me preguntou vostede, o que pasa é que non me deu tempo entre argallar o tema de emigración e comercio, señor Alfonzo, que ten que ver coa igualdade laboral. Home, eu digo, podemos incidir máis ou menos, pero son 11 millóns de euros que poñemos enriba da mesa para a igualdade laboral. E vólvolle repetir, axudas á contratación de mulleres en ocupacións tradicionalmente masculinizadas, 1,7 millóns de euros; o Emprega Muller, 7 millóns de euros; á conciliación —igual é pouco, pero metan unha emenda ao respecto e podémola traballar—, 600.000 euros; medidas contra a brecha salarial que dicía vostede tampouco que non había nada, temos outra vez orzamentados 600.000 euros. Eu creo que aí se está facendo un traballo que debemos respectar e no que podemos estar máis ou menos de acordo e se temos que poñer máis cantidades ou menos cantidades, pero dicir que non facemos nada respecto da igualdade laboral creo que non se axusta á realidade.

E finalizo xa. Outra vez discuten os que dixemos non están habitualmente no tema laboral, co tema das estatísticas. Eu non dixen que tal, dixen que se podían interpretar de forma diferente. E vostede sabe tan ben coma min que leva moitos anos traballando neste ámbito, que hai que ir a tendencias a medio e longo prazo. Porque se

empezamos a comparar datos trimestrais nunha enquisa comparándoo co trimestre anterior e, sobre todo, con datos que aínda non son definitivos, que iso hai que telo moi en conta que moitas veces poden variar moito, claro a análise desvirtúase.

E eu podería rematar e vou rematar, se me permite, señora presidente, esta comparecencia dicindo que o paro en Galicia está no 8,8 %, mentres que en España 11,21 %. Co cal xa é unha estatística totalmente favorable a Galicia.

Pero é que a ocupación, que era unha taxa que tamén poñían a señora Dacosta encima da mesa, vai a un ritmo de ascenso en Galicia de 2,1 % mentres que no Estado vai o 0,64 %. Entón, eu como son o que pecha digo: Galicia vai moito mellor que o resto do Estado collendo as cifras e interpretándoas segundo a miña consideración.

O certo e verdade, señorías, é que o mercado laboral de Galicia está actuando de forma dinámica, está xerando emprego, grazas tamén, por suposto, aos empresarios. E nós o que temos é que estorbar o menos posible e é no que estamos, axilizar e non estorbar utilizando, digo nós, a Xunta ¡eh!, a Administración autonómica, non falaba de vostedes. De tratar de utilizar os cartos das políticas activas para mellorar a empregabilidade.

Unha última reclamación ao Goberno central. Cada comunidade autónoma ten a súa idiosincrasia, que se deixen... —señores do BNG, isto supoño que lles gustará—, que se deixen de tanto centralismo neste ámbito e que nos deixen máis capacidade ás comunidades autónomas para mover as políticas activas de emprego, porque seguro que o poderiamos facer moito mellor. Galicia o ten acreditado con programas polo arraigo para a formación, con todo o que fixemos nas micro formacións, e o único que lle estamos demandando é que nos deixen flexibilidade e que nos deixen a capacidade para poder gobernar o noso neste ámbito das políticas activas de emprego.

Máis nada, señora presidenta.

Moitas grazas.

A **presidenta (Presas Bergantiños):** Moitas grazas, señor González Vázquez, por estar de novo co seu equipo nesta Comisión de Orzamentos, agradecemento que facemos extensivo aos grupos e aos servizos da Cámara.

E suspendemos a sesión ata mañá, ás 10 da mañá.

(Suspéndese a sesión ás 18.00 horas).